

A LINGUAXE E AS LINGUAS

RAMÓN PIÑEIRO REVISITADO ÓS 30 ANOS
DO SEU INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA

REAL ACADEMIA GALEGA

ISBN 84-87987-14-1



9 788487 987144

A LINGUAXE E AS LINGUAS

RAMÓN PIÑEIRO REVISITADO ÓS 30 ANOS
DO SEU INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA

DISCURSO LIDO O DÍA 24 DE OUTUBRO
DE 1998, NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

E RESPOSTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XESÚS ALONSO MONTERO

A edición deste volume foi costeada
pola Excelentísima Deputación Provincial de Lugo.

I.S.B.N.: 84-87987-14-1

Depósito Legal: VG-727-1998

© REAL ACADEMIA GALEGA, 1998

Obradoiro Gráfico, S. L. — Polígono Industrial do Rebullón, 52 D (Puxeiros) - MOS



A CORUÑA
1998

DISCURSO
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR
DON ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Declarando el nombre *apachitas* que los españoles dan a las cumbres de las cuestras muy altas y las hacen dioses de los indios, es de saber que ha de decir *apachecta*: es dativo, y el genitivo es *apachecpa*; de este participio de presente *apachec*, que es el nominativo, y con la sílaba *ta* se hace dativo; quiere decir *al que hace llevar*, sin decir quien es, ni declarar qué es lo que hace llevar; pero conforme al frasis de la lengua, como atrás hemos dicho y adelante diremos, de la mucha significación que los indios encierran en una sola palabra, quiere decir *demos gracias y ofrezcamos algo al que hace llevar estas cargas, dándonos fuerzas y vigor para subir por cuestras tan ásperas como esta*; y nunca lo decían sino cuando estaban ya en lo alto de la cuestra.

Inca Garcilaso de la Vega, *Comentarios reales* II,4

Señores académicos:

Hai moitos anos que me fixeron a honra de elixirme como membro desta corporación. Por iso as miñas primeiras palabras teñen que ser de desculpa. E a desculpa (se é que pode ser admisible) é que sempre tiveron dúbidas de se podería facer dentro da Academia algún traballo diferente do que fago fóra dela. Coutoume tamén o medo a non estar á altura do que se esperaba de min; un medo que, aínda que agora dei o paso, non teño de ningunha maneira superado. Vaia por diante a miña palabra neste acto tan solemne, perante os señores académicos e os amigos que nos acompañan, que procurarei dobralo meu esforzo para redimi-los anos en que mantiven o escano baleiro.

As seguintes palabras teñen que ser de agradecemento pois, a pesar de seren cativos os meus méritos, os señores académicos que me propuxeron e elixiron consideraron que eran abondos e por eles me deron, se vale, un voto de confianza para o que poida facer no futuro. Pertencer á compañía da que fan parte os ilustres membros que hoxe compoñen a Academia, inspirada por Curros, e da que foron socios Murguía, Castelao, Otero, Cabanillas e tantos outros, é unha das maiores honras ás que pode aspirar un galego. Certamente tamén é unha das maiores responsabilidades que se poden adquirir.

I. XESÚS TABOADA CHIVITE

No meu caso esa responsabilidade está aínda acrecentada porque me corresponde substituír no escano a Xesús Taboada Chivite, arqueólogo e etnógrafo, e ante todo, galego bo e xeneroso. Non tiveron o privilexio de tratálo persoalmente (aínda que si tratei moito ó seu fillo Manuel, tamén de saudosa recordación); o meu coñecemento del vén do manexo dos seus escritos e das notas biográficas, escritas ou orais, que me chegaron; por uns e por outras aprendín que Taboada é unha desas raras figuras de galegos

arredor das cales hai unanimidade absoluta. Permítanme que xustifique esta unanimidade cunhas palabras prestadas de Filgueira que definen o seu perfil moral: “alleo á malicia das envexas e das deslealdades, lonxe dos afagos e das cobizas, amigo da verdade, xeneroso dos seus saberes, disposto sempre ó servizo de todos”.

Naceu en Verín no ano 1907 e morreu na mesma vila 69 anos despois. Tódolos seus biógrafos e coñecedores salientan, como feito decisivo na súa biografía, que ós 23 anos, o seu destino profesional (empregado de Telégrafos) o levase á Atenas ourensá onde entrou en contacto cos que ían se-los seus mentores vocacionais e académicos, os seus “mestres gratuítos” (Otero, Risco e Cuevillas) e compañeiros de xeración (Lorenzo e Ferro). No ano 1935 regresa a Verín tamén como funcionario de Telégrafos e alí permanecerá ata o seu prematuro falecemento, coa interrupción forzosa dos anos 1936-39. Á tardía idade de 44 anos recibe a licenciatura en Filosofía e Letras (Historia) que o habilitaría para impartir docencia en centros de ensino medio; non o habilita como investigador, pois a esa altura (desde o ano 1943) xa tiña publicados máis de 20 traballos científicos que o acreditaban como historiador e etnógrafo. Desde esa data, os seus 33 anos de produción bibliográfica asombran pola cantidade e calidade de textos e máis aínda se temos en consideración que a súa actividade investigadora era a dun auténtico *freelance*, lonxe das boas bibliotecas e dos estímulos dos incentivos curriculares por investigación.

A parte principal dos traballos de Taboada entran dentro das áreas da arqueoloxía e da etnografía, repartindo igualmente a devoción por cada un dos mestres, Cuevillas e Risco. Igual ca outros homes do Seminario ou discípulos deles (Filgueira, Lorenzo, Bouza, Fraguas) dedicouse a buscar as esenciais da raza nos dous trazos daquela considerados máis diferenciais: a constitución étnica do pobo galego, especialmente nos estratos primitivos, e na maneira en que a póla dourada das crenzas se manifestou entre os campesiños desta terra. É entre nós moi frecuente que as dúas ramas do saber (arqueoloxía e etnografía) se cultiven conxuntamente dado que moitas das crenzas existentes aínda hoxe se consideran “supervivencias” gardadas ó longo de trinta ou corenta xeracións. Por esta razón, e seguramente tamén porque era un arraiano, se explica que a Galicia de Taboada non tivese nin arqueolóxica nin etnograficamente as raias que lle marcaron Afonso Henriques e Javier de Burgos.

Estaría ben errado quen considerase que Taboada, por ter residido en Verín case toda a súa vida e ter escrito nel toda a súa obra, é un dos moitos “eruditos locais” que deu a nosa terra. Tamén foi “erudito local” pero, aín-

da nos temas locais, era universal o seu saber. Quen repase o centenar de traballos que escribiu, artigos, libros, discursos, comunicacións en congresos, encontrará neles o rigor crítico dun científico metódico e esixente; por iso son imprescindibles nas bibliografías dos estudiosos da historia antiga e dos costumes galegos. Sería longo enumerar aquí cada un dos seus traballos, que van desde memorias de escavacións, noticias de achados arqueolóxicos, descrición de paisaxes prehistóricas dunha comarca, e fundamentalmente estudos de costumes e tradicións moi variados (o entroido, o nadal, o culto ás árbores, á lúa, ás pedras, a mata do porco, as cinzarradas etc.), ou de utensilios da vida material. Algúns dos traballos máis importantes da colleita etnográfica foron reunidos postumamente nun libríño extraordinario, *Ritos y creencias gallegas*; unha visión de conxunto, divulgativa, recolleuna na *Etnografía galega, cultura espiritual*. Non faltan na súa bibliografía estudos de figuras e retratos de persoas, especialmente os de mestres recordados. En toda a súa actividade investigadora Galicia foi o seu tópico e a súa paixón. O recoñecemento que recibiu de numerosas academias e sociedades científicas españolas, portuguesas e francesas foron un premio merecido ós seus méritos. Lamentablemente moitos dos seus escritos figuran en libros esgotados ou dispersos en revistas e en actas dificilmente localizables. Con Filgueira outra vez, “porque a escrita perdura, porque soubo abrir tantos vieiros, polígrafo na nosa memoria histórica e no estudio da antropoloxía popular” manifesto tamén o meu desexo de que tódolos seus *scripta maiora et minora* sexan finalmente recollidos en varios volumes que lle vallan a homenaxe que merece. Se cadra é unha tarefa á que está mesmo obrigada esta institución.

Como home e como estudioso, Xesús Taboada é unha desas raras persoas que un pode ter como espello para se mirar. Por iso comprenderán que sexa tan comprometido para min herdar, e ter que deixar en herdo despois de min, un escano tan ilustre nesta Academia.

II. XUSTIFICACIÓN DO TEMA

A intención do meu discurso é dobre. Por unha parte rescatar do esquecemento a primeira obra de sociolingüística galega que mereza tal nome. Nunca entre nós, ata que Piñeiro o fixo, se tiña feito un estudio sobre o significado cultural da linguaxe e un diagnóstico da situación da lingua galega, que non fose un panfleto ou un lamento. Piñeiro non era un lingüista profesional e menos un sociolingüista. Na súa biblioteca a penas

había sobre o tema máis ca libros de carácter xeral ou os de filosofía e antropoloxía que tocaban o asunto das linguas. Pero no seu discurso hai ideas moi modernas que coinciden plenamente coas que estaban desenvolvendo os sociolingüistas da época, como son por exemplo o concepto de diglosia (descrito pero non nomeado así aínda) ou a de variación lingüística. E hai ademais unha dose moi grande de sentido común e de reflexión. Seguramente porque non lle deu a aquel texto un título provocador pasou case desapercibido mesmo para os especialistas.

Por outra parte, no libro de Piñeiro faise unha análise do significado da linguaxe e un diagnóstico da situación do galego na época; no libro fanse tamén unhas previsións sobre o seu porvir. Como nós somos xa o porvir daquelas previsións, trataremos de valorar en que medida se cumpriron e en que medida eran correctos, segundo a nosa óptica, aquela análise, aquel diagnóstico e aquelas previsións.

Seguramente no título do meu discurso hai un anglicismo (*revisit* ‘volver a un sitio, con frecuencia moi cambiado, despois dunha ausencia longa’). Pero o que significa *revisitar* é xustamente o que imos facer a propósito de *A linguaxe i as línguas*. É verdade que non tardei trinta anos en volver ler e pensar no tema daquel discurso desque coñecín por primeira vez o seu contido asistindo á súa lectura; e tamén fun percibindo os cambios e ás veces, modestamente, fun protagonista deles. Pero a visita agora é máis detida, para remexer nos seus contidos. Lembro a admiración que producira en min a lectura do discurso. Ós meus vintecinco anos, en época de miseria galeguista, parecérame brillante e esmagador. Sigo mantendo a mesma opinión. Pero como o argumento do discurso era o galego e o seu porvir, e 30 anos na historia dunha lingua son moitos anos (e máis no caso da nosa que se moveu de maneira vertixinosa), cremos que revisita-lo seu autor pasado ese tempo é un exercicio que paga a pena.

Moitas das ideas que expón Piñeiro en *A linguaxe i as línguas* foron tratadas tamén, en forma abreviada ou amplificada, noutros textos del, a maior parte recollidas en *Olladas no futuro*. Botaremos man delas na medida en que consideremos que redunden nas ideas tratadas no discurso e nos permitan recoller máis cabalmente o pensamento de Piñeiro.

III. RESUMO DO DISCURSO DE PIÑEIRO

É longo e bastante elaborado o razoamento de Piñeiro; como imos remitir a el constantemente, permítaseme un breve resumo:

A linguaxe faínos diferentes ás outras especies de animais porque nomeando as cousas liberámonos da súa dependencia material. “O nome é unha representación simbólica da cousa nomeada. A palabra dálle ó home unha representación simbólica da realidade”. Ademais, a linguaxe libéranos da dependencia temporal co presente (“o animal vive preso na presenza inmediata —sensorial— da realidade [...], o home transformándoa na sustancia humá da palabra, libérase desa presenza escravizante”); e libéranos tamén da “dependencia instintiva da especie” pois pola palabra o “home pasou do nivel das sensacións ó nivel das ideas”; e finalmente liberta ó “home da dependencia psicolóxica coa colectividade” porque a palabra impide a absorción e a anulación da personalidade individual de cada un pois a “través da palabra descubrimos a realidade persoal, a persoalidade dos demais e por contraste a nosa”. En definitiva as outras especies animais viven nun *medio*, nós, gracias á palabra, vivimos nun *mundo*. O home, como ser, forma parte da realidade natural, pero a través do pensamento, pola palabra, pode obxectivar simbolicamente esa realidade, incluída a propia; por medio desta obxectivación convértese en “creador” dunha realidade cultural. Esta realidade cultural, que na orixe é unha experiencia privada, ó ser comunicable, convértese nun coñecemento público, de tal maneira que se forma así un “saber colectivo en continuo arriquecemento”. Pero a linguaxe, que como facultade é universal, na realidade cristaliza nunha diversidade de linguas porque está vinculada ás experiencias de cada pobo concreto. “Dende un punto de vista ontolóxico, a plenitude do ser, a súa riqueza intrínseca, eisixe a pluralidade expresiva pra se manifestar. Unha língoa única non podería manifestar toda a súa riqueza. Cada língoa é unha forma de manifestación, unha orixinal revelación do ser”. Igualmente, “dende un punto de vista sociolóxico, a língoa é o vehículo de realización da persoalidade colectiva como tal. Cada pobo, antes de poder realizar o seu destino no tempo, na historia, precisa realizar a súa persoalidade colectiva. A forma interna e viva desa persoalidade é a língoa, pois que é a que lle dá unidade espritoal creadora. Por eso cada língoa representa unha cultura orixinal. Con razón Humboldt di que cada língoa traza un círculo máxico arredor do pobo que a fala”. Toda a introducción ten o seguinte corolario, que transcribo íntegro pois de aí arrinca a defensa que na segunda parte se fai do galego: “Cada unha das línguas realiza na comunidade social dos seus falantes as funcións que lle atribuímos á linguaxe, á palabra. Cada língoa dálle persoalidade cultural ó seu pobo e trasmítella a cada un dos seus membros. A importancia antropolóxica da linguaxe, da palabra, recíbea cada un a través da súa língoa. A pala-

bra, como temos visto, é indispensable pra que o home poida realizar o seu ser. Pro a palabra aitúa en forma de língoa concreta. Cada pobo ten a súa. Cada home ten a do seu pobo. Nós, os galegos, temos a nosa”.

Despois de ter demostrado a importancia do papel da lingua desde o punto de vista antropolóxico e do significado cultural de cada lingua, expón os tres factores de alienación (prexuízos) que ameazan e tollen o pleno desenvolvemento da lingua galega:

I. Un *prexuízo sociolóxico* que converte o galego nunha lingua subalterna, e polo tanto valorada negativamente, en virtude dunha discriminación social baseada nunha adscrición de lingua a clase; de aí deriva un complexo de inferioridade colectivo e herdado que, a nivel da masa, se traduce nunha pasividade resignada, e a nivel das minorías, donas do poder e do prestixio, na renuncia á personalidade propia e na asimilación mimética; nos dous casos, en servilismo. A discriminación e o nacemento desas taras foron causados polo “abafamento” idiomático (fundamentalmente: ter sido arredada a nosa lingua durante séculos da vixencia oficial); a consecuencia máis grave disto foi que o pobo galego quedou esgazado en dous e carente de pulo para realizarse a si mesmo. O noso obxectivo debe ser acabar con este prexuízo mediante a devolución da propia dignidade, pois a transformación económico-social de Galicia non se producirá mentres non se dea unha revolución espiritual que a libere desas taras psicolóxicas que a eivan.

II. Un *prexuízo lingüístico*, segundo o cal o galego é considerado un idioma inferior imposibilitado dunha elaboración culta debido ó seu polimorfismo dialectal, á súa anarquía ortográfica e ó seu desprestixio social. Os dous primeiros argumentos son doadamente rebatibles posto que a variación é esencial á lingua mesma (mentres haxa diferencias xeográficas e sociais na humanidade); a nosa confusión vén de comparármolo galego con linguas que xa cristalizaron desde hai séculos nunha forma escrita estandarizada, que oculta a variedade da lingua falada; o galego aínda reflicte a nivel escrito a variedade que se dá a nivel oral, pero este é só un atraso técnico temporal, que se superará cando a Academia acorde unha normativa e os escritores a impoñan. Pola súa parte, a anarquía ortográfica é un problema menos substancial porque non afecta a estrutura esencial da lingua; unha ortografía é unha convención, que se logrará polo mesmo procedemento có da lingua escrita unificada. Máis grave é o desprestixio social, que deriva do prexuízo sociolóxico visto antes; aquí a recuperación

ten que ir parella á da dignificación espiritual do pobo, que se debe manifestar lingüísticamente na recuperación do prestixio cultural e do prestixio social; a primeira batalla (a do prestixio cultural) está gañada por obra dos intelectuais, que converteron o galego nun instrumento apto para expresar-las ideas e sentimentos máis requintados; a segunda (a do prestixio social, que non vai parella coa primeira, porque os valores da cultura son sempre minoritarios) é máis difícil de gañar porque ten en contra axentes moi poderosos: os medios, a escola e a igrexa. É particularmente crítico co sistema educativo que abafa a lingua materna lesionando así profundamente a personalidade do neno; e non é menos crítico coa igrexa, que é unha institución non estatal, pero adoptou a lingua estatal como a lingua vernácula de Galicia a efectos litúrxicos. Tanto nun caso coma noutro (escola e igrexa) hai unha contradicción entre fins e métodos. Pero non hai que ser escépticos en canto ó porvir do prestixio social do idioma porque a) está entrando nos centros de ensino (aínda era unha entrada só moi simbólica en 1967); b) o espírito marcadamente social do noso tempo creará a plena identificación moral das minorías cultas coa masa popular do noso pobo; este movemento solidario, de xustiza social, redimirá ó pobo galego das súas taras (complexo de inferioridade) e do atraso económico; e “a arma redentora é o idioma, poisque o idioma foi a arma que se utilizou para crealas”; c) nos medios hai indicios de cambio; d) na escola “por imperativo interno dos seus propios fins” acabarase por resolver-la contradicción actual “en conformidade coas pautas universás do bilingüismo”; e) na igrexa tamén está habendo un cambio de mentalidade que fai esperar que a lingua galega será a lingua da liturxia, coma tódalas demais.

III. E un *prexuízo ideolóxico* segundo o cal a pluralidade lingüística é inimiga do progreso. A necesidade de que exista unha lingua universal, un instrumento lóxico, racional, denotativo, que poida dar unidade ó patrimonio conceptual das ciencias e sirva mesmo para falar coas máquinas é hoxe unha necesidade; esta linguaxe formalizada (metalinguaxe) xa se usa na matemática e na lóxica, mesmo na lingüística, pero en ningún caso pode nin pretende substituí-las linguas naturais. En cambio buscar unha lingua natural única para toda a humanidade por un principio progresista é un erro duplo: a) Porque “progreso” só ten sentido se se aplica ó home na súa totalidade, se significa arriquecemento do patrimonio material e espiritual; a simplificación sería desexable se se tomase só en consideración o home no seu aspecto racional e se fixase o ideal do progreso exclusivamente na técnica; pero a técnica soa non é cultura; a cultura é unha crea-

ción do home en canto totalidade complexa, e complexas teñen que se-las súas manifestacións. b) O segundo erro deriva do anterior: considera-la lingua un instrumento técnico, polo tanto simplificable. Pero a lingua, como calquera outro produto cultural do home está en cambio constante; de aí que a esa lingua única habería que embalsamala tolléndolle toda capacidade de cambio, é dicir, de progreso; e ademais a instauración dunha lingua única suporía eliminar tódalas outras o cal, ademais de utópico, sería un arrasamento cultural para a humanidade.

Remata o seu discurso cunha recapitulación, recordando que os conceptos Humanidade, Cultura, Linguaxe, etc. son só abstraccións, conceptos, que no mundo real corresponden a realidades concretas e cambiantes. A nosa realidade é un *pobo* de tres millóns de homes, que formou unha *cultura* de seu, manifestada principalmente a través dunha *lingua*. Con outros pobos, outras culturas e outras linguas constituímo-la humanidade. “Si por un momento nos mergullamos no mundo mental dos nosos campesiños, poderemos considerar metaforicamente á realidade humá como unha gran agra composta de moitas leiras diversas, cada unha delas cos seus propios froitos. Nós somos unha desas leiras. O noso destino —a nosa responsabilidade— é cultivala e ofrecerlle os seus froitos orixinás ó patrimonio cultural humán”.

IV. TRINTA ANOS DESPOIS

1. A lingüística, a lingua e a cultura

A primeira parte do discurso de Piñeiro está destinada fundamentalmente a pór de relevo o papel da lingua como construción humana. Por iso se detén en salientar que a lingua mesma como tema de reflexión non é un problema que interese só ós científicos que se ocupan das ciencias da linguaxe, senón a científicos doutras ramas, particularmente ós antropólogos, psicólogos, sociólogos e filósofos. Con respecto a estes últimos detense nas achegas das últimas correntes filosóficas, a neopositivista (representada por Wittgenstein) e a existencialista (Heidegger principalmente).

Non ten moito interese hoxe para nós discutir, nin seríamos capaces de facelo, se a linguaxe ten que defendernos das “andrómenas gaioleiras do pensamento”, ou se a linguaxe é a morada do ser. Nin ten tampouco moito interese o esforzo que fixo Piñeiro para esclarece-lo que é a verdadeira linguaxe fronte a outros sistemas semiolóxicos que só metaforicamente levan o nome de “linguaxe” (a linguaxe das abellas, a linguaxe da música,

ou mesmo a linguaxe formalizada da lóxica). En realidade esta parte do discurso de Piñeiro só ten unha importancia secundaria (aínda que o título case non é apropiado máis que para esta parte); porque o que lle interesa salientar é só a importancia da linguaxe, e a de cada lingua en particular, para despois empregarse a fondo na defensa da nosa (que é o verdadeiro tema do discurso, aínda que o título non o recolla).

Se esta xustificación filosófica sobre a importancia da linguaxe queda un pouco desconexa da segunda, non ocorre así cando tamén na introdución, desde un punto de vista máis etnolóxico ca filosófico, se refire á linguaxe e á cultura. Neste sentido Piñeiro era tyloriano e lévi-straussiano, que é o que seguen sendo tódolos antropólogos modernos, para os que natureza é o que o home ten por herdo biolóxico, e cultura é o que recibe da tradición externa: costumes e crenzas institucionais tales como a arte, a relixión, as técnicas da vida material, en definitiva, tódolos hábitos e aptitudes adquiridos polo home como membro dunha sociedade; hai no home, daquela, dous grandes tipos de feitos: os que lle son legados como herdo biolóxico (e ás veces psicolóxico) entre os que están as habilidades para fabricar artefactos; e, por outra parte, ese universo artificial no que vivimos como membros dunha sociedade; ser membros da especie humana transmíteno-lo primeiro tipo de feitos, ser membros dun pobo (ou sociedade ou grupo étnico ou como se lle queira chamar) transmíteno-lo segundo. Ora, o signo que se acepta como máis representativo da cultura é a linguaxe. É verdade que o home é un empedernido fabricante de ferramentas e tense mesmo definido ó home como *homo faber*. Pero as habilidades de facer artefactos non son exclusivas do home; hai moitos animais que son capaces de fabricar ferramentas e non pasaron da natureza á cultura; hai mesmo animais, como as formigas, que son capaces de construír palacios moi complicados e mesmo cultivar fungos; algúns insectos, como as abellas, son capaces de transmitirse información unhas a outras por medio de signos (danzas). Pero ningunha destas habilidades é ‘aprendida’, os animais xa nacen con esas habilidades ‘apresas’; e aínda no caso de que un animal poida transmitirles informacións a outros da súa especie por medio de signos (como é a danza das abellas) esta linguaxe non é traducible. Nós non podemos comunicarnos coas abellas nin elas con nós porque os nosos sistemas de signos son de orde distinta: o noso é cultural e o delas é natural.

Daquela a cultura é o aprendido, e non o herdado bioloxicamente, e entre as tradicións aprendidas está a lingua; xustamente por ser *loquens* é polo que o home se distingue das outras especies animais. E isto porque a lingua é o feito cultural por excelencia. E éo porque ademais de ser unha parte da

cultura (é dicir, ser unha desas actitudes ou hábitos que recibimos da tradición externa), a lingua é o instrumento esencial polo que asimilámo-la cultura do grupo: o neno aprende a súa cultura porque se lle fala, se lle corrixe, se lle afaga, e todo iso faise con palabras. E ademais a lingua é “a máis perfecta de todas as manifestacións de orde cultural que forman, dalgunha maneira, sistemas, e se queremos comprender que é o que son a arte, a relixión, o dereito e quizais mesmo a cociña ou as regras de cortesía, haberá que concibilos coma códigos formados pola articulación de signos, conforme ó modelo da articulación lingüística” (Lévi-Strauss 1968: 134).

Non fai Piñeiro fincapé nunha das notas básicas da linguaxe salientadas por Lévi-Strauss: o fundamental que é a etapa infantil na aprendizaxe; porque aínda que é certo que vai a vella morrendo e vai aprendendo, tamén o é que a infancia e adolescencia son as etapas esenciais da aprendizaxe, en especial a dos coñecementos que nos transmite o grupo e nos vinculan a el. Tan importante é a lingua neste nacemento do home á cultura e o seu crecemento nela mediante a aprendizaxe, que se chegou a construí-la metáfora de que somos fillos da lingua, segundo se desprende da expresión tan común “lingua nai”. Na época en que Piñeiro escribiu o seu discurso non se sentía con tanta agudeza coma hoxe o problema da transmisión da lingua e se cadra por iso non hai ningunha referencia ó tema ó longo do discurso, porque a maioría dos galegos, aínda os vítimas dos complexos e das institucións que el describe, usaban o galego como primeira lingua. Hai outro aspecto en cambio sobre o que Piñeiro se manifesta: o da represión lingüística exercitada pola escola xustamente nesta etapa de aprendizaxe, e que deixa marcas psicolóxicas permanentes, como demostra el mesmo nas súas memorias persoais. (Sobre esas marcas psicolóxicas incidiremos máis adiante).

Creo que hai que salientar aínda outra idea máis, que reforza a argumentación de Piñeiro nesta primeira parte do seu discurso e que circulaba daquela (xa viña firme desde De Saussure polo menos) e circula hoxe na nutridísima bibliografía da etnolingüística: a idea de que para que haxa linguaxe é necesario que haxa grupo; porque a linguaxe é un fenómeno constitutivo de grupo, dado que non se modifica, non se transforma de modo voluntario. Se fose así, se para cada grupiño ou capela foramos creando unha lingua particular, non lograríamos entendernos; tampouco poderíamos facelo se puideramos introducir na lingua “trastornos e rebelións constantes, como as que se observan no dominio da arte desde hai anos. Quen di linguaxe fala dun grande fenómeno que interesa ó conxunto da colectividade, e sobre todo dun fenómeno que ten unha estabilidade moi relativa, pero de todas maneiras moi grande” (Lévi-Strauss 1968: 54).

Só menciona Piñeiro, de pasada, no discurso (cando rebate a idea dunha lingua única) este feito da estabilidade da linguaxe, e non incide moito tampouco na relación que hai entre lingua e grupo¹. Hai en cambio algún texto del onde se manifesta sobre a estabilidade do idioma e sobre a identidade entre pobo, idioma e cultura; dá unha idea disto na segunda parte do discurso, onde combate os prexuízos; e hai algúns outros textos, dispersos aquí e acolá, nos que fala daquela ecuación, entre eles o que leu no ano 1956 diante dun congreso da emigración: “A defensa do idioma, vencello espiritual de tódolos galegos”. Vale a pena que lembremos algunhas ideas deste texto porque completan desde o plano etnolóxico, na máis pura liña saussuriana e levi-straussiana, as que trata no discurso ante a Academia desde un punto de vista máis filosófico (a diferenza de estilos se cadra se explica porque Piñeiro consideraba que ó público académico debía dirixirse con argumentos que apelasen máis á razón, mentres que para o público do congreso considerou mellor apelar ós sentimentos; tamén se cadra é porque Piñeiro no ano 56 aínda só tiña corenta e un anos e no 67 andaba polos cincuenta e dous). Comeza chamando a atención sobre a falta de coincidencia entre a Europa política (reflectida nunha diversidade de estados) e a Europa cultural, que se corresponde cunha diversidade de pobos, non sempre dotados de Estado, como é o caso galego. Cada pobo é unha cultura; e (escúcese a extensión da cita) “de tódolos elementos en que unha cultura se afinca, o idioma é o máis radical e representativo. O idioma é xa unha gran creación cultural colectiva. En realidade, a máis grande creación cultural colectiva. Por ser obra creada por todos e poseída por cada un, é mesmamente aquilo que a todos fai irmáns, aquilo que lle dá a unha comunidade social a fisonomía obxectiva de pobo. Toda comunidade social que chega a crear unha lingua de seu, un idioma, convértese en comunidade espiritual peculiar, manifesta o seu rango de pobo. Con razón puido dicir Murguía que ‘o idioma é a verdadeira bandeira nacional’, porque o idioma, ademais de ser o que identifica a tódolos integrantes dun pobo como unidade cultural xenuína, tamén é, pola mesma razón, o que a distingue de tódalas demais. Pasa xa ben dos mil anos que o pobo galego creou o seu idioma nun esforzo semellante e paralelo ao que os restantes pobos de Europa foran realizando a través das máis diversas continxencias históricas. Desde entón Galicia, por propio dereito, é unha das unidades que integran o mapa cultural de Europa. Xeración tras xeración e século

1. Non hai unha palabra neutra para dicir isto: grupo, grupo de lingua materna, etnia, comunidade, pobo, nación; a forma preferida por Piñeiro foi sempre pobo.

tras século, a unidade espiritual da comunidade social galega veuse conservando viva no idioma. A organización social, económica e política de Galicia experimentou as meirandes transformacións e reviravoltas ao longo deses séculos. O idioma, entramentres, permaneceu inalterablemente limpo e transparente na súa espontánea enxebreza. Con seren tantos os cambios e mutacións externas no corpo social de Galicia, a súa unidade espiritual permaneceu constante e nidia no idioma”.

Piñeiro neste discurso, e en moitos outros sitios, fala da cultura, e dos trazos diferenciadores da cultura galega, das manifestacións da cultura popular galega (da que o refraneiro é unha mostra), das actitudes mentais das nosas xentes, da imaxe especial que dan os nosos artistas de Galicia (Rosalía, Castelao, Valle-Inclán, Otero). Pero non é na “cultura” onde Piñeiro asenta a personalidade de Galicia. Realmente trazar límites de culturas que non coincidan cos límites lingüísticos é imposible. De feito á ‘cultura’ poden achegárselle moitos adxectivos (cultura europea, cultura atlántica, cultura española, cultura dos pobos do norte de España, cultura moderna, *Coca-Cola culture...*); dentro de todos eles, nuns máis e noutros menos, cabe a cultura galega. Por iso, quen tratase de traza-los límites do “pobo” galego baseándose só en criterios culturais que prescindisen da lingua, ía encontrar dificultades moi serias. E iso se non usámo-la palabra “cultura” no sentido restrinxido de “cultura artística” ou “alta cultura”; desde este punto de vista dáse un feito paradoxal, salientado polo propio Piñeiro, de que, ata acabado o século XIX, a cultura (enténdase: a dos historiadores, os ensaístas e investigadores, os enardecidos xornalistas políticos do Romanticismo) e o pobo, en Galicia, expresábanse en linguas distintas (*Olladas*: 80).

Por iso é fundamentalmente na lingua, como primeiro produto cultural, no que se basea a defensa da nosa identidade. Porque cada lingua concreta convértese ela mesma nun obxecto cultural transmitido e aprendido no seo dunha comunidade. Pero non é un obxecto cultural calquera pois pola palabra² o home converte o medio en ‘mundo’. O mundo é en rigor unha creación do home. “Mentres que o medio é unha realidade ‘dada’ o mundo é unha realidade ‘creada’”. Creo que nonolveu expresar por escrito a idea de que a palabra crea o mundo, polo menos en ningún escrito que eu coñeza. Pero si lembro oírle completar esta idea na máis radical formulación do relativismo lingüístico; non podo reproducir textualmente as palabras que dixo na conferencia á que tiveron ocasión de asistir, pero

2. Piñeiro usa *palabra* por *lingua* e aínda con outros valores, o que fai ás veces algo confuso o seu discurso.

creo que se poden resumir nisto: cando nacemos, o mundo exterior e interior preséntase ante nós de forma continua coma un caos e é xustamente ese instrumento cultural, a lingua, o que nos permite volvelo discreto e organizado. (É unha idea que entre nós estaba no aire pois de maneira menos filosófica pero máis poética fórmulaa tamén Cunqueiro no discurso do seu Doutoramento HC: “Ninguén me ensiñaba a fala, que eu aprendía cos labregos e cos homes dos oficios, cos cazoleiros e cos ferreiros, no forno de cocer o pan e nas feiras. E vía o mundo coa miña fala, e facíame dono del, da abidueira e do merlo, dos escuros montes que pechan o meu val natío, e da claridade que se abre por onde eles mesmo o fan pra que poida entrar á terra o vento mareiro”). Son ideas que están en Sapir e Whorf, o primeiro deles citado por Piñeiro (na súa biblioteca estaba o libro *El lenguaje*, do ano 1921, no que se apunta xa algunha destas ideas, pero seguramente non estaba o artigo en que formula a súa hipótese do relativismo lingüístico na versión forte, aparecida en *Science* 1931); Sapir en 1931 sostén que as clasificacións lingüísticas marcan o camiño do pensamento, “canaliza-no”. Velaquí as súas palabras moitas veces citadas: “Categorías tales como número, xénero, caso, tempo, modo, voz, ‘aspecto’ e unha morea doutras, moitas das cales non son sistematicamente recoñecidos nas nosas linguas indoeuropeas, son, sen dúbida, derivadas da experiencia nunha última análise, pero unha vez abstraídas da experiencia son sistematicamente elaboradas e non son tanto descubertas na experiencia coma impostas a ela por culpa do tiránico control (*hold*) que a forma lingüística lle dá á nosa orientación no mundo” (citado por Palmer 1996: 18). Estas ideas son desenvolvidas despois por Whorf. Vale a pena que tamén citemos as palabras deste autor, porque foi el quen por primeira vez, aplicando os métodos da psicoloxía *gestalt* ós estudos gramaticais das linguas amerindias (polos anos 40), formulou na súa forma máis completa a teoría do relativismo lingüístico. Da súa experiencia de etnolingüista, á zaga de Sapir e Boas, deriva a teoría de que “os patróns automáticos e involuntarios da linguaxe non son os mesmos para tódolos homes, senón específicos para cada lingua e constitúen a parte formalizada da lingua, a súa gramática. Disto deriva o que chamei o principio da relatividade lingüística que quere dicir, en termos formais, que os usuarios de gramáticas notablemente diferentes son guiados polas súas gramáticas cara a diferentes tipos de observacións e cara a diferentes avaliacións de feitos de observación externamente similares, e por isto non son equivalentes como observadores senón que poden chegar a visións algo diferentes da realidade” (Whorf 1956: 221). A dicir verdade, non é moi importante saber se Piñeiro coñecía estas ideas de Sapir e Whorf

ou non, posto que desde Humboldt a teoría do coñecemento admitía que cada unha das estruturas lingüísticas dividen e canalizan de maneira distinta o fluxo sensorial. En realidade a lingua para Humboldt “é un ‘terceiro mundo’ que se sitúa a medio camiño entre a realidade fenoménica do ‘mundo empírico’ e as estruturas interiorizadas da consciencia” (Steiner 1992: 83). Máis concordancias aínda con Humboldt: “‘A elaboración da linguaxe é unha necesidade visceral para a humanidade’. Ademais na natureza do ‘espírito’ está o percibir, potenciar, levar á existencia consciente tódolos modos posibles da experiencia. Esta é a verdadeira causa da inmensa variedade de formas lingüísticas” (cita e resume en Steiner 1992: 87). O que Humboldt demostra de maneira especulativa cun razoamento circular (unha civilización organízase gracias a unha lingua específica; e á súa vez unha lingua é matriz única e exclusiva da civilización correspondente), recólleno sobre bases lingüísticas despois os teóricos da linguaxe e os filólogos alemáns (como Cassirer, Weisgerber ou Trier, este último coa súa teoría dos campos semánticos) e os etnolingüistas americanos, que parecen confirmalo co estudio das linguas amerindias (os citados Sapir e Whorf, e unha pléiade deles no día de hoxe). Cando dicimos que as linguas organizan o mundo non nos referimos só ó modo de analizar lexicamente determinados centros de interese (son moi vellas as observacións de que os esquimós teñen moitas palabras para distinguir tipos de precipitacións, e os gauchos para a pelaxe dos cabalos); referímonos tamén ás posibilidades de analiza-lo espacia e o tempo, ás veces con extraordinarios graos de sutileza que un indoeuropeo non acaba de percibir.

Hai unha parte de discurso de Piñeiro no que trata da lingua como tema de interese científico sobre o que se ocupan non só lingüistas, senón filósofos, antropólogos, sociólogos (hoxe a sociolingüística é unha das ramas con máis auge). Desde aquela a lingüística antropolóxica, na que se insería o pensamento de Piñeiro, tivo un *revival* extraordinario; despois dalgúns anos de esgotamento (1950-1980, en que as preocupacións dos lingüistas se orientaron máis ben cara a problemas de tipo formalista e matemático), a lingüística boasiana³ produciu moitos libros sobre o tema; títulos como ‘pensa-la realidade’, ‘a categorización do mundo’, ‘diversidade lingüística e pensamento’ e outros semellantes circulan moito polas librerías des hai 10 anos para acá. Nos anos 60 emerxeu unha disciplina

3. A lingüística boasiana xa viña de Humboldt (1787-1835) e máis remotamente de Leibnitz (1646-1716), Vico (1668-1744) ou Hamann (1730-1788) segundo o cal cada lingua é “unha ‘epifanía’ ou articulación revelada dunha paisaxe histórico-cultural determinada”, Steiner 1992: 98).

afín: a etnosemántica (estudio sobre os modos en que diferentes pobos organizan e categorizan dominios do coñecemento, tales como plantas, animais, cores, enfermidades ou parentesco); e algo máis recentemente a etnografía da fala (que salienta a capacidade para usa-lo idioma pragmaticamente en contextos sociais e culturais específicos: quén debe falar, con quén, cando, de qué, etc. sobre o cal hai uns patróns culturais en cada sociedade ou clase). Ou finalmente a lingüística cognitiva, que deriva de Whorf, por un lado, pero tamén de Wittgenstein, Cassirer etc.; quizais o libro máis importante sobre o asunto é o de G. Lakoff, que leva un título sorprendente: *Mulleres, lume e outras cousas perigosas*, que é tomado humoristicamente de que nunha lingua aborixe de Australia, o dyirbal, cada nome debe de ir precedido por unha variante dun dos catro clasificadores substantivos que ten esa lingua, e xustamente as mulleres, o lume e outras cousas perigosas entran na clase II (*Balan*); evidentemente a lingüística cognitiva non estudia só linguas “primitivas” nin se refire só ás taxonomías das cousas senón ó modo en que as conceptualizamos; por exemplo, a conceptualización da *carraxe* exprésase mediante figuras (metáforas ou metonimias) nas que se equipara a ira coa calor (botaba *lume*), coa presión (*estoupaba* coa rabia), coa perda da percepción (*non vía* por onde ía) coa tolemia (volveuse *toló*), coa bestialidade (púxose contra el coma un *lobo*). “Comunicándonos mediante a lingua, os seres, e outros medios simbólicos, os seres humanos colaboramos a construír mundos de imaxes (*imagery*) compartidos que modelan o mundo físico e social arredor deles e os motiva a cooperar. É por medio do discurso simbólico como os humanos constrúen culturas adaptables (*adaptive*) e cosmovisións” (Palmer 1996: 52). Segundo isto cada patrón cultural ten a súa maneira de conceptualiza-lo mundo, de aí o interese que ten o estudio das metáforas coas que vivimos, das que tanto sabe o noso colega Xesús Ferro.

Con todo, por moito que nos pareza atraente a idea de Whorf compartida por Piñeiro (aínda que non quedaran del textos escritos neste sentido) de que cada lingua é un filtro, a nós, como galegos, membros dunha familia románica, ou máis xenericamente indo-europea, participantes dunha cultura grecolatina común, o relativismo lingüístico non nos dá unha “orixinalidade” contrastable. De feito, o mesmo Whorf cando trata de salienta-la orixinalidade do hopi contrástaa cun SAE (*Standard Average European*, ‘europeánés’ se se nos permite o neoloxismo) e non cunha lingua en particular, porque as gramáticas e culturas europeas son moi afíns entre si. Pero hai máis, se a hipótese de Humboldt, Sapir e Whorf fose correcta as traducións serían imposibles e a adquisición dunha segunda lingua pro-

duciría en nós unha esquizofrenia máis ou menos grave, segundo as distancias dos modelos que aprendesemos. A este propósito podemos lembrala experiencia persoal que analiza Steiner, perfectamente trilingüe (alemán-francés-inglés) que non sabe en que lingua soña nin é consciente en cada momento que lingua está usando para pensar. Sabido é que as teorías xenerativistas da linguaxe trataron de demostrar que fronte ós postulados monadistas (de que cada lingua ten unha gramática e unha semántica) a linguaxe se rexe, mesmo a nivel gramatical e semántico, por uns principios universais comúns a tódalas linguas, que mesmo a nivel de superficie se manifestan con semellanzas asombrosas, ás veces incluso entre linguas que non teñen contacto nin parentela ningunha entre si. Daquela, a pesar de que son moi poucos os estudosos das relacións entre coñecemento e linguaxe que non acepten algo do relativismo de Whorf, cómpre mirar con precaución, aínda que nos pareza seductora, a teoría de que cada lingua é unha maneira especial de conceptualiza-lo mundo. De feito, mesmo no nivel da “imaxinería” de Lakoff, é dicir, desas metáforas e metonimias coas que vivimos e que están presentes na fala cotiá, e de maneira moi especial na fraseoloxía e no refraneiro, as fronteiras lingüísticas son bastante borrosas; a mesma metáfora, a mesma metonimia, o mesmo refrán aparecen entre Fisterra e o Mar Negro, pasando por Londres e Berlín; un dos grandes mestres da romanística, Rohlfs, ten feito estudos comparativos de refráns que levan xustamente títulos nos que se mencionan os dous polos da igualdade (Rohlfs: 1984). O libro das metáforas de Lakoff e Johnson, con exemplificación en inglés case se pode traducir literalmente ó galego. Iso pasa, tamén, coa música popular (a melodía de *Camiña Don Sancho* chega de aquí a Finlandia) e coa literatura popular (o mesmo romance e o mesmo conto hainos desde aquí a Asia Menor pasando por Escocia).

Como resumo do anterior: a fundamentación teórica sobre a “orixinalidade” e o vencello lingua-pobo pola vía do relativismo lingüístico (na súa forma suave, humboldtiana e sapiriana) en que basea Piñeiro a súa defensa do galego cómpre tomala con certas cautelas; de ningunha maneira descartala de todo porque, en maior ou menor medida algunha relación entre *Wort* e *Weltansicht* está xeralmente admitida.

Pero aínda así, seguramente, a vinculación máis segura entre lingua e pobo hai que buscala en que somos educados a través da lingua; ela é a que nos dá a imaxe da sociedade en que vivimos, na que está cristalizada toda a experiencia dos antepasados.

E aquí chegamos a un aspecto da cuestión, no que Piñeiro non incide case no preliminar do seu discurso nin noutros escritos; porque se é verda-

de que se entre linguaxe e pensamento ou linguaxe e coñecemento hai unha relación xenética no sentido de que un xera o outro, tamén é verdade que entre lingua (lingua concreta) e pobo a relación é fundamentalmente de comercio, en tódolos sentidos da palabra. Noutros termos, as relacións económicas foron as que estiveron na base da creación dunha sociedade, dentro da cal se produciron e difundiron innovacións lingüísticas que lle deron unha fisionomía cultural particular a un territorio. Co tempo estas diferencias acabaron cristalizando nunhas fronteiras (máis ou menos difusas), acabou formándose unha conciencia do “nós” fronte ós “outros” e a través desta conciencia fabricouse unha identidade na que sobresaen:

a) Unha *paternidade* común (lembramos entre nós as metáforas de afinidade familiar, algunhas xa en desuso: os nosos antergos, irmáns galegos, casta dos celtas, pai Breogán e moitas outras).

b) Un *patrimonio* común, que podemos definir como aqueles trazos herdados culturalmente polos cales os outros nos avalían (positiva ou negativamente) como galegos e polos cales nós damos a un individuo a condición de “membro” do grupo; no sentido patrimonial a lingua é o herdo máis importante, tanto que (en palabras de Beer e Fishman) “mesmo no caso de que un xa non estea familiarizado coa lingua [do grupo étnico] ... [isto] pode te-la escusa de que é parte dunha tradición ‘perdida’ ou ‘roubada’, que unha etnicidade renacida pode recuperar, xuntamente e mesmo a través da propia lingua” (Fishman 1989: 29).

E c) unha *fenomenoloxía* particular, que nos informa das nocións que ten o suxeito referidas á súa pertenza a un grupo e ás relacións deste co mundo en xeral: a súa visión da historia, do futuro, do sentido da vida, do tecido das relacións humanas. Noutras palabras: qué significa para un galego ser galego, para un catalán ser catalán, para un portugués ser portugués...; significados que moitas veces para o membro do grupo non son conscientes, e que só o “científico” (sociólogo, politólogo e o historiador) sabe explicar. Entre estes fenómenos está tamén a noción que ten o individuo do vínculo que hai entre lingua e grupo (qué significa a lingua con respecto á paternidade e ó patrimonio do grupo), e cáil é o papel que a lingua ten, ou se pensa debe ter, na colectividade así como a valoración que se fai da lingua mesma (rica, musical, pura...).

Por este camiño, chegamos á conclusión de que unha lingua é moito máis ca un medio para coñece-lo mundo; certamente, non temos datos de que o coñecemento do mundo de ningún neno galego saíse prexudicado porque ó chegar á escola fose sometido a unha inmersión lingüística; non sofre, que saibamos, prexuízo ningún sexa a inmersión en castelán ou

nunha lingua máis distante. De feito, témolo dito xa outras veces, hai moitos casos en que entre unha variedade local dunha lingua (poñamos: o calabrés) e a variedade estándar desa lingua (poñamos: o toscano, ou italiano literario) hai tanta distancia como hai entre o galego e o castelán, e a pesar de todo non se senten reclamacións (ou case non se senten) de que o calabrés debe de entrar na escola e no púlpito. Porque ó calabrés lle falta o plus que ten o galego, ou que teñen o catalán e o eslovaco. E é que na realidade, a lingua, ademais de ser un medio para coñecer-lo mundo, é, sobre todo, un símbolo moi poderoso para a comunidade que a fala. “A lingua é o memorial da paternidade, a reveladora do patrimonio e a portadora da fenomenoloxía. Un vehículo que leve tan preciosa carga ten que chegar a ser visto como igualmente precioso, como parte do transporte, certamente, tan precioso por dentro coma por fóra. O lazo entre lingua e etnicidade é daquela o dunha santidad-por-asociación”. (Fishman 1989: 32). Se fixéramos unha análise da ‘estructura profunda’ do discurso de Piñeiro chegaríamos tamén a esta conclusión fishmaniana porque, aínda que non defende desde un punto de vista ideolóxico o valor da lingua galega, a paixón que demostra na súa defensa temos que entendela coma ese extra simbólico que ten a lingua para un galego.

Está claro que esta concepción simbólica (sacralizada) da lingua só aparece cando o grupo entra en contacto e en competencia con outros grupos. Se se puidese pensar nun país completamente monolingüe e libre de calquera tipo de pretensión ou señardade imperialista, esa lingua non tería máis valor có de ser un medio de comunicación e polo tanto carecería de adoradores; non é este o noso caso (nin o dos nosos veciños). Así é que para ese plus de carga afectiva que a lingua ten pódense facilmente aducir miles de exemplos; para os escritores do Rexurdimento (e aínda para moitos posteriores) a fala galega é presentada como o vínculo da paternidade e reveladora do patrimonio (*fala de nosos pais, de nosos avós, dos avós que temos mortos, da nosa terra, esencial e anterga, de Breogán, verdadeira, de Alfonsos e Ramiros, de Rosalía, a nosa fala é o noso Dios...*), e moitos máis exemplos aínda “en loor da nosa lingua adorada” para usar (traducido) un título de Fishman (*fala agarimosa, doce, enxebre, de fadas, feiticeira, fermosa, garrida, harmoniosa, meiga, melosa, mimosa, nobre, robusta, saudosa, tenra, verdadeira, xentil...*). Naturalmente, a fala dos outros ten a outra cara; quizais non haxa sempre o antónimo de cada unha das palabras anteriores pero todos lembran adxectivos como *allea, de duros acentos*, etc.

Como lingüistas todas esas valoracións positivas da lingua propia e negativas da *allea* resúltannos insostibles entre outras cousas porque cada un

a súa primeira lingua considéraa a máis eufónica, a máis clara e a máis sutil; de maneira que se o son todas tampouco non o é ningunha. Como sociolingüistas en cambio temos que recoñecer que estamos ante un sentimento que pretende lexitimar-la diferenza do grupo; entramos daquela no terreo das ideas que o membro do grupo ten sobre a lingua, tomamos nota delas e describímolos o mellor que poidamos porque é un indicio bastante claro das aspiracións (que en última instancia son políticas) do grupo.

Non é este o momento de discutir este tema; entre outras razóns porque Piñeiro obviou no seu discurso, como seguramente non podía ser doutra maneira no ano 1967, falar do problema nós/os outros. Porque daquela, o mesmo que hoxe (aínda que daquela en menor medida), había outro grupo de lingua materna en Galicia ó que lle serían aplicables as mesmas notas có galego desde o punto da categorización do mundo e valoración sacralizada. Tampouco atopamos case nada no resto dos escritos que lle coñecemos. Neste sentido a idea de Piñeiro, na miña opinión, é que só existía unha comunidade galega, esgazada en dúas formas de comportamento (nunca fala de dúas Galicias), obxecto dunha destrución cultural, da que os galegos non son culpables senón vítimas. Polo que se deduce dos escritos del, “os outros” (os inimigos) non estaban aquí, as agresións viñan de fóra (o estado e outras institucións); e son agresións que condena con palabras moi duras: “O idioma galego é o herdo que *nós* recibimos de tódolos nosos antepasados e que nos foi transmitido de xeración en xeración ao longo dos séculos. El garda en si a máis alta creación, o meirande título de gloria de toda a comunidade galaica de tódolos tempos. Porque está por enriba das diverxencias ideolóxicas e das loitas de intereses, quen perseguir ao noso idioma perseguirá a alma mesma de Galicia, o seu honor, a súa personalidade esencial. Aquel que for enemigo do noso idioma é, de certo, un enemigo noso. Enemigo satánico, poisque é enemigo da nosa alma” (*Olladas: 37*).

Piñeiro coas súas *olladas* no futuro nunca chegou a dicirnos como prevería que fose lingüísticamente esa Galicia do porvir. Polo que se deduce do escrito que comentamos, e doutros escritos, debería de ser un futuro ó que se chegase sen conflitos, fundamentalmente a base dunha especie de obra misionaria que consistiría en gañar primeiramente as elites culturais do país porque tras delas iría o resto do pobo nunha especie de encontro ecuménico, no que todos se sentirían redimidos.

Era unha idea bastante utópica crer que en materia lingüística se pode estar “por enriba das diverxencias ideolóxicas e das loitas de intereses” (*Ibidem*). No fondo estamos diante dun tema espiñoso moi tratado nos li-

bros de sociolingüística, xeografía das linguas, glotopolítica, etc.; é o tema do *etnismo* fronte a *nacionalismo*. Co discutibles que son os termos, adoita admitirse por “etnia” sobre todo “o sentido da propia individualidade cultural e lingüística” (Barbina 1995: 44) mentres que “dicir idea de nacionalidade significa dicir idea de individualidade histórica” (Chabod, citado por Barbina: 44); os dous sentimentos non sempre coinciden, e volvo a Barbina: “Certamente, a vontade de ser suxeitos do propio patrimonio cultural e de defendelo xunto coa propia lingua porque constitúe o lazo espiritual que nos permite recoñecernos, con outros, entrar nunha comunión de pensamento, de recordos, de accións con aqueles que teñen a mesma lingua e a mesma cultura, que permite coloca-la nosa individualidade nun contexto social homoxéneo que nos dá seguridade e nos protexe, é unha cousa moi distinta que reivindica-lo dereito de ser, xunto con outros, suxeitos activos da propia historia (entendendo aquí a historia constituída polos actos políticos e non a tradición espiritual e cultural, da que todos somos sempre suxeitos activos)” (Barbina 1995: 44-45).

É verdade que o caso español (e outros que se deron, por exemplo, na desaparecida URSS) ten características particulares pois tratouse de darlle satisfacción ó etnismo e pórllle límites ó nacionalismo mediante a fórmula das autonomías. De toda maneira iso non freou a aspiración da lingua do estado de volverse a lingua nacional hexemónica. O caso español non é único, o cal nos permite xeneraliza-lo fenómeno, e fágoo unha vez máis con palabras de Barbina: “Unha lingua faise nacional cando se lle confía a tarefa de agregar arredor dun único ideal de nación, comunidades que, portadoras de culturas diferentes, son pouco sensibles a unha visión común e compartida do propio destino histórico; e é talmente para distraer estas comunidades das tentacións separatistas e para facilita-la acción de goberno polo que se individualiza unha fala nacional, impóndoa con provisiones lexislativas como lingua obrigatoria para a administración, para o ensino e para tódalas funcións propias dun sistema de xestión centralizado” (Barbina 1995: 52). Non fai falta ser moi político para ver que a solución autonómica é pouco compatible coa creación desa lingua nacional, que sempre o será a expensas da comunidade; por iso non se ten chegado a un equilibrio mínimo satisfactorio para todos, e de aí as tensións que cada pouco (ou permanentemente) se manifestan por ambas partes.

Creemos que a idea de Piñeiro no ano 1967 fa máis pola corrente do etnismo ca non pola do nacionalismo (non sabemos moito da súa evolución despois de 1975; supoño que como a moitos de nós lle pareceu ben a consecución dun estatuto; pero máis aló diso non sei cales eran as súas aspira-

cións). Fose por onde fosse temos que recoñecer que desde que Piñeiro escribiu o seu discurso e outros textos máis ou menos contemporáneos de *Olladas*, a cultura galega progresou moito; hoxe podemos dicir que xa hai unha cultura “clásica” en galego (literariamente case non hai outra cultura en Galicia á parte da feita en galego); con todo, iso non abondou para crear unha consciencia reforzada da propia personalidade a nivel de pobo; esta consciencia é verdade que aumentou, pero foi a custo de ir dando lugar á aparición, de maneira cada vez máis clara, de que hai dúas Galicias, entre as que non son escasos os conflitos na medida en que se producen reclamacións de niveis de cotas de galego; e é cousa inevitable porque é ben sabido que non hai sitio do mundo onde haxa contacto lingüístico onde non abrolle o conflito, a non ser que o subalterno se resigne para sempre a ser subalterno, ou para dicilo máis tecnicamente, diglósico. E o conflito no noso caso parece que se resolve sempre en prexuízo do galego. Pero aínda hai máis, quizais a forza daquelas elites (e unha educación democrática nova) acabou case cos inimigos satánicos, activos, do galego; pero non acabou cun inimigo tan eficaz ou peor có militante: o indiferente, que de maneira pasiva, e aparentemente inocente, contempla o porvir nunha selva en que compiten galego e castelán con forzas desiguais.

E por riba de todo isto, no mundo moderno, a desaparición dos perffs dunha etnia (con estado ou sen el) xa non deriva tanto das presións do estado (etnia dominante) como da opresión xerada por un modelo de sociedade que tende a nivelar tódolos valores espirituais na non-cultura que é a cultura de masas (Barbina 1995: 50).

Quizais me estendín desmesuradamente no comentario desta parte do discurso de Piñeiro. Creo que valía a pena demorarse un pouco, entre outras razóns porque trataba de fundamenta-lo valor das linguas e a súa vinculación cos pobos pola vía da creación cultural (que en parte é defendible, coas matizacións que veremos aínda máis adiante cando comentémo-lo prexuízo ideolóxico); o matiz que nós engadimos é que a iso hai que sumarlle o ‘valor’ que se lle dá como herdo; ou para dicilo con Peña Novo, a quen citaremos máis por extenso ó final, as linguas non son só fontes de cultura, senón tamén de ‘emoción’. De feito, a mesma palabra “lingua” encerra un concepto difícil de definir intrinsecamente e non poucas veces é só a “vontade popular” (a emoción) a que decide que unha fala sexa lingua ou non.

A seguir, xa centrados na nosa, imos comenta-los atrancos ou prexuízos a que se refería Piñeiro na segunda parte do seu discurso.

2. O prexuízo sociolóxico

Na formación da Galicia moderna emerxen e consolídanse dous grandes grupos sociais; ó primeiro adscribímo-la burguesía, os funcionarios civís e da armada, os eclesiásticos seculares e regulares, as profesións liberais, maiormente concentrados nas cidades; ó segundo pertence fundamentalmente o pobo agricultor e mariñeiro (o obreiro asalariado é un fenómeno máis recente). Trátase de dous grupos economicamente ben diferenciados. No primeiro grupo abundaba o compoñente alóxeno (e polo tanto alóglota), que consolidou o castelán como lingua; no caso dos funcionarios non podería ser doutra maneira, porque era a lingua oficial; no caso da burguesía e profesións liberais por razóns económicas e ideolóxicas. O segundo grupo estaba integramente composto por unha poboación autóctona, maioritariamente non alfabetizada, e mantivo como lingua o galego. Como as dúas comunidades non eran impermeables comezou a practicarse un bilingüismo diglósico, non simétrico (é dicir, os galegofalantes tiñan que aprende-lo castelán pero á inversa non), e isto provocou o que se provoca en tódolos sitios onde se dan procesos similares: a lingua autóctona queda, como se di agora, minorizada (aínda que a siga falando a maioría da poboación) e sometida a un proceso de substitución.

Isto percíbuno Piñeiro de maneira moi dramática e no meu entender describo con tintas excesivamente apaixonadas, que van dirixidas especialmente contra os que queren escapar do complexo por medio “da auto-desfiguración mimética, da renuncia á persoalidade propia e asimilación imitativa da allea” (25). Esquecía Piñeiro que un dos trazos da condición de minoritarios (e periféricos) é a obrigación en que se encontran os seus individuos máis dotados, para face-la carreira que lles abra as súas capacidades, de se entregaren abertamente á asimilación. Están case forzados a seren traidores á súa patria. Ese foi por exemplo o drama de Flandres e do Canadá francés: veren as súas elites locais estonadas (*écramées*) pola promoción social (Héraud 1966: 77-78). Por iso un sociolingüista moderno acepta con moitas reservas que haxa a perversidade que ve Piñeiro: “Coa diferenciación idiomática, os grupos dominantes tratan de alongar a súa prepotencia dende o terreo político, económico e social deica o terreo espritoal. Non se conforman con seren máis poderosos; queren, ademais, ser ‘superiores’. E pra os que teñen o poder, a maneira máis doada de se faceren superiores é inferiorizando ós dominados” (25). Como tamén ese mesmo sociolingüista admite con non menos reserva que os que aceptan con “resiñada pasividade” esa imposición son uns servís; este servilismo é un

mal que se arrastra de séculos ata o punto que chegou a ser un trazo constitutivo do noso carácter. E finalmente acepta con pouco convencemento que funcione o programa de Piñeiro, que propón devolverlle ó pobo “o sentimento da propia diñidade e, como consecuencia, a confianza solidaria en si mesmo, pois que iste é o punto de partida necesario pra poder levar a cabo a mobilización das enerxías coeitivas na percura do progreso económico, social e cultural que demandan os tempos. A transformación económico-social de Galicia ten que afincar nunha previa revolución espritoal que a libere —que a desentangarañe— das taras psicolóxicas que a veñen eivando xeneración tras xeneración”. (26).

Teño que recoñecer que cando oín por primeira vez estas palabras me comoveron e me apuntaron de seguida na medida das miñas forzas e do meu talento a esa misión de rearme moral do pobo. Pero a cousa non é tan doada como a pintaba Piñeiro; e a dicir verdade, cunha análise desapasionada en clave sociolingüística mesmo atopamos nas súas palabras unha miguiña de voluntarismo demagóxico. Se fora como di Piñeiro, unha vez desaparecidos o “complexo”, o “servilismo”, a “tara psicolóxica” e as outras cousas, estaría o galego automaticamente recuperado. Cremos que hoxe aquel sentimento de inferioridade está case totalmente superado; polo menos esa é a impresión que podemos percibir subxectivamente. É ademais unha impresión que nos confirman as enquisas; na MSG III publicado por esta institución hai precisamente unha pregunta (Pregunta 125) sobre os prexuízos referidos á relación entre estatus social e lingua; a pregunta era máis ou menos: *¿Cre que falar castelán mellora o seu status social?*; e a media das respostas (cinco banzos entre *non* e *si*) é de 4,34 puntos, moi cerca do desacordo total. Non temos datos estatísticos sobre cal era a cantidade de acordo coa pregunta no ano 1967; só hai testemuños soltos (como é o de Piñeiro) e a nosa memoria, que nos confirman que daquela o acordo coa pregunta era case total. Desapareceu hoxe, xa que logo, o prexuízo, ou sexa, devolvéuselle ó pobo “o sentimento da propia diñidade e, como consecuencia, a confianza solidaria en si mesmo” pero non desapareceu na mesma proporción a desgaleguización de Galicia, o que demostra que hai cousas que se superan na consciencia pero non na conducta. Polo si ou polo non neste país a patronal e os *white collars*, en xeral, aínda seguen a falar en castelán mentres que os sindicatos o fan en galego (e xa non sempre).

Segundo se desprende da textualidade das súas palabras citadas antes e outras que citaremos a seguir, o atraso económico produciu unha desvalorización lingüística e cultural do galego, pola lingua xerouse un complexo colectivo de inferioridade no pobo e, segundo el, “pra o poñéremos en

condicións de conquistar o necesario progreso económico-social, temos que o redimir previamente das súas taras psicolóxicas seculares. A arma redentora é o idioma, pois que o idioma foi a arma que se utilizou pra crealas” (30). Aínda recunca en 1972: “Este camiño da solidariedade, da conciencia común, cuia expresión é a lingua, é o único que pode movilizarse intrinsecamente as enerxías creadoras de Galicia como pobo. O único que nos pode poñer en condicións de loita eficaz contra o noso atraso. A lingua é a bandeira da nosa solidariedade moral, e a solidariedade é a base imprescindible do noso progreso, do noso desenrolo, do noso desenvolvemento material e espiritoal” (*Olladas*: 259).

Non nego que a creación (ou a conservación) dunha conciencia etnolingüística poida ter un valor dinamizador; de feito hai casos en que a relixión é un soporte moi importante e suficiente para mante-la cohesión como pobo; pero que o benestar futuro dun pobo dependa da dignificación cultural e social da lingua é algo completamente insólito. O normal é xustamente o contrario: que a lingua dependa da economía, que o dinamismo económico motive o dinamismo lingüístico. Outra cousa é que para a desalienación económica sexa condición previa algún tipo de autogoberno (Héraud 1966: 78). O exemplo da Bélxica flamenga é contundente: cando estaba economicamente deprimida e politicamente en posición subalterna era lingüisticamente minorizada, cando se dinamizou a súa economía recuperou a normalidade lingüística. O caso do Québec francés vai tamén por aí. (Xa sei que hai outras razóns tamén, pero a económica é a principal).

Ten razón cando salienta a relación entre lingua e economía, aínda que sexa discutible a dirección da dependencia. Pero ademais da economía hai outros factores. Rolland Breton cando enumera os trazos dun grupo etnolingüístico, ademais da Lingua menciona outros oito trazos: Demografía e Territorio; Cultura non-material, clases Sociais e Economía; e Institucións políticas, Metrópole, rede Urbana. Cando a dependencia é moi forte (non hai un centro de decisión); as institucións políticas son só administrativas; a rede urbana está orientada cara a un centro exterior (non hai unha metrópole); os intercambios culturais son só nunha dirección (deculturación); as clases están diferenciadas lingüisticamente; a economía tradicional é substituída por unha economía industrial non etnocéntrica; cando sucede todo isto, dise que a etnia está drenada (que é unha maneira suave de dicir ‘alienada’); e iso é o que ocorría no ano 1967 en Galicia, e en grande medida aínda hoxe. Entón o GLM (grupo de lingua materna) descansa só no elemento lingüístico. Daquela a lingua resulta minorizada e ameazada, aínda que siga conservando o valor sentimental de “lingua bandeira, útil

para axitar de cando en cando os problemas existenciais e as veleidades de reactivación destas comunidades” (Barbina 1995: 87). Piñeiro sabía ben que manter todo o edificio sobre a lingua soa era excesivamente romántico e por iso vinculou acertadamente o porvir da lingua co desenvolvemento económico, aínda que errase a dirección.

Vinculouno tamén co soporte da cultura non material. É un tema que trata noutro dos prexuízos analizados no discurso (e noutros textos). Será comentado despois. Quedemos agora só coa idea de que un pobo, que en termos económicos e culturais é periférico, ten moi difícil xerar formas orixinais de cultura; acepta a de fóra (é aculturado) na medida en que lle é drenada a propia; e así malamente pode facer outra cousa que mirar ó pasado e arrequenta-la tradición coma un tesouro folclórico. Esta drenaxe de que falamos ata hai pouco canalizábase principalmente cara á outra etnia hexemónica; hoxe á súa vez esta tamén é periférica con respecto a Europa e case Europa con respecto a América. É un mal de moitos que non nos pode facer felices e que non nos quita de estar nunha situación nada deseñable; porque ademais, grande ou pequeno, o dinamismo económico e cultural desque hai historia é un fenómeno fundamentalmente urbano e as nosas cidades hoxe están castelanizadas ata máis non poder, e inzadas de institucións que o están tamén.

Con todo isto que veño dicindo poden os colegas desta institución pensar que estou empeñado en augárlle-la festa presentando unha conxura de forzas que fan imposible a sobrevivencia e que só dependemos do milagre. Non é esa a miña intención e non quero nin podo pensar iso. Se fose así sería consecuente (pois non creo nos milagres) e non estaría lendo este discurso, marcharía para a miña casa e esperaría despreocupado mirando como pasaba o que tiña que pasar. Ó fin e ó cabo a morte dunha lingua é unha cousa natural. Dunha maneira ou doutra van desaparecidas moitas e outras están en curso de desaparición; dise que hai na actualidade 6.500 aínda vivas e que cada dúas semanas desaparece unha, vítima sobre todo dos tres Tes (*Trade, Turism e Telecommunications*). Cara a isto é a onde parece levarnos, valla a ironía, o “espírito marcadamente social do noso tempo” en que cifraba Piñeiro certas esperanzas.

Pero por moi duro que sexa o camiño aínda non creo que teñamos chegado ó punto de non retorno. Se en anos de estreitura e mesmo persecución, como era o 1967 e foran os anteriores, Piñeiro abría por calquera sitio fírgoas de esperanza, con máis razón temos que ser hoxe optimistas. Porque do conxunto de factores que interveñen na promoción ou desaparición dunha lingua, algúns son controlables por parte dos poderes que gobernan

a comunidade. É o que coñecemos hoxe como “política lingüística”. Ora, a política lingüística pode ter tres perspectivas diferentes (sigo a Barbina 1995: 90). Unha delas é a de considerar darwinisticamente as linguas: unha lingua é coma unha especie biolóxica que se desenvolve nun medio en que só o máis apto sobrevive; a intervención neste caso consiste en axudar á natureza a desfacerse dos suxeitos menos aptos. (Un caso paradigmático desta planificación lingüística foi Francia, que declarou unha guerra de exterminio contra as linguas rexionais coma se fosen anomalías patolóxicas da cultura). A segunda é de tipo conservacionista e ten como mira a conservación e tutela das linguas dun xeito semellante a como se contempla a conservación dunha especie en perigo (ás veces creando reservas, como foi en Irlanda o caso das *gaeltacht*). E a terceira perspectiva é de tipo ecolóxico; a lingua é vista coma un elemento máis dun sistema socio-ecolóxico dentro do cal non se pode intervir en nada, nin na organización social nin nos sistemas de produción; é unha perspectiva antimodernista inviable para nós.

O tipo conservador de política lingüística é o que se aplica aquí e todos saben de máis en qué se basea: nun recoñecemento legal da lingua e nunhas medidas incentivadoras. Ora as políticas lingüísticas conservadoras non son todas igualmente eficaces. Por Europa adiante hai moitos modelos, cada un con fortuna diferente. Sei que este non é momento de facer unha valoración da política lingüística levada a cabo en Galicia ata agora; nin é doado facela, porque cada un de nós ten unhas expectativas diferentes e igualmente lexítimas; pero como o porvir da lingua depende principalmente da política lingüística hai que deixar polo menos claro que esta só será eficaz se ten como meta a curto ou a medio, ou ó prazo que queiran, garantir-la reprodución idiomática (transmisión interxeracional); e ademais reforza-la produción (a adquisición do galego por parte de nenos non-galego falantes) nos primeiros anos da infancia naqueles casos en que a familia non é primeira axencia de transmisión do galego; e finalmente favorece-la creación de medios para que o galego poida se-la lingua que un escolla. O cal non ten case nada que ver con que sexa o galego obrigatorio coma segunda lingua nin co desideratum dun “bilingüismo harmónico”, que parece que se está identificando cos resultados da política lingüística actual; ós inventores deste famoso sintagma (bilingüismo harmónico) habería que recordarlles o dictame de Haugen: “cando tódolos locutores se volveron bilingües, a morte da lingua pequena é inminente” (citado por Camartin 1985: 56); e advirto que non estou condenado o bilingüismo en xeral (porque pode haber un bilingüismo no que a lingua propia sexa privilexiada); e

mesmo se cadra ten que ser un dos ingredientes do “márketing” do galego falar das vantaxes do bilingüismo. Ó bilingüismo “harmónico” parece que é ó que se tende desde que se está a aplicar a Lei de Normalización Lingüística pero dos datos que se estraen do *MSG*, nestes 15 anos, a perda do galego como primeira lingua é o máis alarmante. Cómo se corrixe iso eu non o sei moi ben; o que sei é que só propoñéndose outras metas a política lingüística deixará de se-lo que é aquí e na maioría das comunidades tuteladas: unha declaración de boa vontade que serve para calma-los ánimos, distribuír diñeiro na comunidade (case sempre en dificultades económicas), impulsar iniciativas culturais que axuden a museifica-la cultura; procedementos todos para retardar un proceso dexenerativo que se fose máis veloz podería crear reaccións sociais e políticas (Barbina 1995: 95).

3. O prexuízo lingüístico

Como dixemos no breve resumo de antes, contempla Piñeiro este prexuízo nun triple aspecto: segundo os detractores do galego esta lingua é pouco apta porque está aínda en estado dialectal (dito á moderna: está pouco elaborada), carece dunha ortografía estable e socialmente está desvalorizado. Na opinión de Piñeiro, os dous primeiros aspectos (dialectalismo e ortografía) son de carácter “técnico” e pódense solucionar case por “decreto”; de feito hoxe están resoltos ou en vías de solución; o terceiro (prestixio cultural e social), é menos doado de lograr; aínda así, se hoxe se medise só pola cantidade de libros que se publican ó ano tamén poderíamos dicir que está tamén case resolto. Pero cada un deles merece un comentario por separado.

3.1. O dialectalismo

No primeiro aspecto, o do dialectalismo, cremos que Piñeiro carga excesivamente as tintas presentando o galego escrito da época coma un mosaico dialectal, reflexo do que se daba no galego oral (ó contrario do que sucedía co castelán e con outras linguas onde a variedade escrita estaba fixada e ocultaba as variedades xeográficas e sociais). É verdade que no ano 1967 aínda non había un modelo idiomático único: Fole escribía nun galego, Cunqueiro noutro, Celso Emilio noutro, García Sabell noutro, Ferrín noutro, Camilo Gonsar noutro, Manuel María noutro, o propio Piñeiro noutro (e non só porque os seus estilos persoais fosen distintos, senón porque o patrón idiomático que

practicaban non coincidía). Con todo, naquela época xa non se estaba nos inicios do rexurdimento e algún destes autores non poderíamos hoxe a través do seu galego, coa dialectoloxía de Fernández Rei na man, dicir se eran do Incio, de Mondoñedo, de Celanova, de Santiago ou de Vigo ou de Láncara (entre outras razóns porque algúns deles nin sequera tiñan o galego como primeira lingua). Ó contrario do que poderíamos facer con Pintos, Rosalía ou Pondal que, desde a primeira páxina, poderíamos saber que eran de Pontevedra, da Maía e de Bergantiños. A pesar da inestabilidade, que non negamos, cando Piñeiro escribiu o seu discurso xa o galego escrito chegara a un grao de elaboración nada desprezable. De feito cando anos despois se acometeu a tarefa de codifica-lo galego un dos criterios que se manexaron foi o da “tradición” literaria: formas aboadas ou preferidas polos escritores prevaleceron sobre outras xeográfica ou demograficamente máis estendidas. En 1967 o galego moderno xa tiña máis de 100 anos de tradición escrita e aínda que só transmitía de maneira natural (sen escola nin outros medios de socialización senón o libro) estaba callando un certo modelo escrito de modo espontáneo. Certamente moi distante do desexable e en nada equiparable ó castelán, ó francés ou ó alemán. Con todo non podemos subscribi-la opinión de que no ano 1967 “o galego escrito [...] refreixa a diversidade do galego falado” (26).

(No meu entender na época en que escribe Piñeiro había outra pexa peor cá do dialectalismo, tamén relacionada coa falta ou coa febleza dun modelo literario elaborado propio. Era a subordinación, por exceso ou por defecto, ó modelo literario da lingua dominante; tense gastado moita tinta sobre este tema; téñense aclarado moitos prexuízos; pero non está cancelado aínda o debate de ata que punto hai que erguer ou baixar o listón do enxebriño. En Cataluña, onde hai un consenso fabrista bastante xeneralizado desde hai 80 anos, aínda se segue a discutir hoxe sobre o histórico ou moderno que ten que se-lo catalán escrito. Os italianos botaron máis de 600 anos á caza da “olorosa pantera”. Con máis razón vai haber aínda longas discusións entre nós sobre o enxebre que debería se-lo galego común. Isto daría tema para outro discurso).

Hai aínda outros puntos referentes a este aspecto do prexuízo do dialectalismo da lingua literaria que merecen un comentario porque, a pesar de que hai cousas nas que Piñeiro ten razón, e en parte se lograron, hai outras sobre o seu concepto de “lingua literaria” que son discutibles ou que non toma en consideración. É verdade que a falta de unificación é un “atraso técnico” que se pode superar mediante unha intervención voluntaria (codificación) dun fundador ou dunha institución; no noso caso foi a Academia mesma coa colaboración do Instituto da Lingua Galega a que

resolveu este problema técnico cunhas normas que o goberno oficializou. Máis adiante faremos algunha reflexión sobre o debate normativo que veu despois e a fortuna da proposta académica, pero neste sentido a carencia que lamentaba Piñeiro está cuberta. Non era, con todo (e pasando por alto as cuestións polémicas da escolla), tan doado como imaxinaba Piñeiro a cuestión da norma. Porque a norma gráfica e morfolóxica pode arraxarse nunhas cantas sesións académicas; en cambio non é tan doado fixar unhas normas para aqueles aspectos en que a lingua se manifesta máis creativa, como é a sintaxe (tarefa aínda pendente); nin é doado tampouco fixa-lo vocabulario patrimonial (normativo) pois son necesarios estudos dialectais e históricos máis demorados (por iso é unha tarefa que máis de 15 anos despois de promulgadas as normas aínda está sen resolver definitivamente); nin é posible improvisar dun día para outro propostas meditadas sobre como moderniza-lo léxico, creando unha terminoloxía axeitada para nomear conceptos novos, desde un cotián electrodoméstico ata unha partícula da física. Para mencionar só uns poucos problemas “técnicos”.

Ademais hai que ter en conta que unha cousa é a *codificación* e outra a *estandarización*, entendendo por esta, en palabras de Piñeiro, “que os nosos escritores impoñan [as normas] na língoa literaria” (27). Das palabras de Piñeiro parece que se desprende que vai haber case un acatamento automático da autoridade da Academia por parte dos escritores. Como é ben sabido o acatamento non foi total, nuns casos porque a norma non foi ben entendida ou asimilada (os escritores que aprenderon o galego na disciplina da escola só agora empezan a producir), e noutros casos por disidencia. É verdade que desde o 1982 a hoxe se avanzou moito, pero aínda así (fóra do ámbito da burocracia) seguimos tendo pendente unha unanimidade con respecto á norma.

Pero aínda poñéndonos no mellor dos casos, que houbese unanimidade con respecto á norma, queda un camiño longo por percorrer, porque unha lingua só se pode considerar madurecida cando creou rexistros estilísticos diferenciados, e isto só se logra con anos de cultivo; pódense incentivar na planificación, e de feito desde o ano 1966 en que Haugen deseñou o seu famoso cadro das etapas da política lingüística (completado despois por Fishman, Neustupný, o propio Haugen e outros) hai sempre unha fase de “elaboración”, vista tamén no seu aspecto estilístico. Esta maduración estilística é difícil de lograr. Tena o portugués, tena o castelán, ou o francés ou o alemán. Pero unha lingua coma o italiano, de tan longa tradición literaria, cen anos despois da Italia Unita, aínda estaba, segundo Pasolini (1965), “nos primeiros vaxidos dun neonato” porque non cristalizaran ben as funcións dos “sottolinguaggi” que forman unha lingua. É ben coñecida a polémica

Lapa-Piñeiro, na que un dos puntos esenciais era a “lingua literaria”. En tódolos aspectos da argumentación sobre a recuperación do galego ten sempre a razón Piñeiro (eu polo menos alinéome con el); en cambio cando tocan o tema da lingua literaria a razón (ou a falta dela) anda máis repartida porque Lapa ve dificultades en converter unha lingua rural en lingua literaria; en realidade para el un galego literario moderno non existe e ofrécenos en “salva de prata” o portugués para esa función, dando por sentado que o galego rural é unha “fala” do portugués. En cambio Piñeiro dá por resolto que os nosos cultivadores (e cita o nome de poetas, narradores e ensaístas) “fixeron do galego unha lingua literaria”. Visto en termos de pura estilística (no sentido de Bally, do mesmo Lapa e de Pasolini) as razóns de Lapa teñen bastante peso (a pesar de que cando argumenta contra Piñeiro só o fai en termos “puristas” e non de “niveis estilísticos”); fáltalle en cambio a Lapa ve-lo problema desde o outro lado: ata onde unha lingua literaria pode vivir divorciada da lingua oral (dos labregos ou dos tecnócratas ou da pequena burguesía obreira) e de que maneira se pode pasar por alto a existencia dunha vontade popular que considera o galego, e non o portugués, como a lingua de Galicia. E ó contrario sucede con Piñeiro: entende moi ben cal é o problema lingüístico de Galicia, en sintonía cunha tradición que vén desde os primeiros tempos do rexurdimento (en realidade xa desde Sarmiento), por iso non considera viable outra recuperación senón a feita preservando a individualidade do galego; en cambio é excesivamente optimista cando dá por feito que xa existe un galego culto, cando todos sabemos por experiencia que hoxe (25 anos despois da carta a Lapa en que dá por nacido o galego literario), cunha produción de 1.000 libros anuais en galego, aínda seguimos traballando na creación desa batería de “sottolinguaggi” e, o que é menos xustificable aínda, seguimos estando inseguros escribindo na nosa lingua, non só por ser rural mesmo ata onte, senón por estar debaixo do teito cultural do castelán; uns máis e outros menos, os que escribimos en galego somos expertos en lingüística contrastiva, gramática histórica, galego arcaico, portugués; e cerca da nosa mesa ten que haber sempre un Eladio, un Aurelio, un Crespo e un diccionario de dúbidas. Antón Figuerola escribiu brillantemente sobre isto.

Este esforzo engadido que hai que empregar para escribir en galego (que non sería menor se a lingua literaria fose o portugués), e en parte tamén para usos orais formalizados, desanima a non poucos como saben moi ben os que loitan por unha universidade normalizada ou por un ensino medio normalizado. (E, se se mira polo lado bo, tamén ten o seu engado para moitos porque se senten partícipes nun traballo de creación colectivo. Cando un le obras de Castelao, Cunqueiro ou Filgueira ou de calquera escritor galego por humilde

que sexa, percibe ata onde lles era grato o sufrimento que experimentaban mentres escribían *As cruces de pedra* ou *Escola de menciñeiros* ou *Quintana viva*, ou a obra que fose, porque se ve que tiñan a consciencia de seren auténticos *language builders*. E é que tras de todo iso hai o estímulo e a vontade de construír un país). Daquela, Piñeiro tiña razón, pero Lapa tamén a tiña se se entende que unha lingua literaria non se fai só con normas ortográficas porque o asunto é bastante máis ca un problema técnico.

O tema da elaboración da lingua ten outras facetas á parte da da lingua literaria ou escrita. Esta é unha modalidade de lingua na que predomina a reflexión. Pero na lingua hai tamén un rexistro culto (de varios niveis) que non é escrito, e en termos estatísticos predominante porque ó cabo do día falamos moito máis do que escribimos. A construción deste rexistro culto da lingua, libre de dialectalismos (e doutras tachas), en cada lingua logrouse dunha maneira diferente, pero en definitiva, logrouse cando ó neno se lle transmitía ese francés ou ese inglés ou ese italiano que non era de ningún sitio, e polo tanto libre de sotaques locais. Ese galego culto e neutro e enxebre que nos textos escritos xa o palpamos, nos textos orais (aínda os producidos nas cátedras universitarias) está moito máis atrasado, e mesmo non sei se haberá moito acordo de como debe ser. En calquera caso era un tema do que Piñeiro non se preocupou (e parece que tampouco lles preocupou a Lapa nin a Carballo Calero nin ós reintegracionistas). Pero non é un tema menor, porque mentres non haxa ese galego de tecnócrata, funcionario ou asalariado, que non é de sitio ningún, non se terá superada de todo a eiva do dialectalismo.

3.2. A anarquía ortográfica

Vaiamos á anarquía ortográfica, que tamén era outro dos aspectos do prexuízo lingüístico, e que Piñeiro supuña superable “sin grandes dificultades” porque a grafía, a fin de contas é só a “vestimenta externa do idioma”. Cando Piñeiro escribía estas palabras aínda había outro motivo para ser optimista porque, se é verdade que o que se escribía en galego (que era pouco) era ortograficamente caótico, tamén é verdade que había un ambiente moi favorable para recibir unha norma e todos esperaban o advento dun Fabra fundador. Pero Piñeiro era tamén algo optimista de máis pois non se decatara que a ortografía ademais do ornato do idioma é tamén unha forma de control do poder e por iso as reformas ortográficas non poucas veces acaban con mortos, e ás veces o morto é mesmamente o reformador. Afortunadamente no noso caso non chegou a haber mortos pero violencia, polo menos verbal, non fal-

tu. É esta unha *vexata quaestio* que merecería en por si outro discurso e que só vou comentar aquí en canto ás expectativas manifestadas por Piñeiro no del. A ortografía é a vestimenta da lingua escrita; completamente de acordo; pero en canto a ortografía deixa, moito ou pouco, de ser fonética, e polo tanto se volve convencional, moito ou pouco, comeza a ser discutible e opinable cal é a vestimenta máis axeitada. Se coma no noso caso houbo unha grafía histórica que esmoreceu coa decadencia, e outra que xurdiu espontánea e que, fóra dos casos de fonemas específicos (os que se representaron maioritariamente con *x* e *nh*: *hoxe*, *unha*), adaptou a da lingua dominante, resulta tamén opinable cánto de histórico, cánto de rexurdimento e cánto de innovación debe de te-lo “manto académico de liño” que substitúa a vella “coroza labrega de xungos”. Pero aínda hai máis: pode poñerse en cuestión a escolla da variedade idiomática mesma (no noso caso, galego ou portugués) e entón a ortografía xa non é só vestimenta gráfica dunha lingua senón símbolo dunha identidade nacional; daquela a ortografía xa se volve ideoloxía e a escolla dun modelo deixa de ser académica e faise, máis ca nada, política. Por esta última razón principalmente a cuestión ortográfica galega aínda non está resolta nin ten trazas de resolverse, entre outros motivos porque (desde a perspectiva política) os partidarios de cada escolla lle negan lexitimidade ós da outra, lexitimidade política. Todas estas cousas pasan en moitos sitios, pero no noso caso isto vese en grande medida agudizado porque os representantes do poder político que sancionou as normas académicas carecían dun compromiso probado coa lingua e dunha vontade inequívoca de normalizala. Así é que a ortografía de Castelao (que é basicamente a da Academia e do ILG) é posta en cuestión por unha boa parte dos seus herdeiros ideolóxicos, porque foi legalizada por leis e decretos dunhas forzas que teñen unha Galicia imaxinada moi distinta da do político rianxeiro.

Hai que recoñecer, daquela, que existe aínda unha cuestión ortográfica pendente. Pero pendente só en certa medida, porque o que hai agora é disidencia, pero non anarquía, dado que quen optou por unha escolla aprendeuna e é consecuente con ela. E para iso hai normas ortográficas moi detalladas, estudos críticos, e toda clase de ferramentas. A superación daquela fase de anarquía era sentida con tanta agudeza que mesmo se caeu durante un tempo no extremo contrario: nunha especie de fanatismo normativo que consideraba non galego todo o que non estaba explicitamente recollido nas normas ou nos vocabularios ortográficos. O debate está, xa que logo, non propiamente na “norma”, senón na escolla de modelo idiomático. E aquí o problema básico reside en que os partidos estatais asumiron a opinión das institucións académicas pero o partido nacionalista maioritario (con posibilidades de ser alternati-

va de goberno nun futuro, se cadra próximo), por increíble que pareza, porque é un tema que afecta esencialmente á normalización do estatus, aínda non ten decidido claramente cal é o seu modelo de lingua nacional e cal é súa institución con competencia en materia normativa. Así é que a cuestión da normativa que para Piñeiro era “técnica” pode, segundo vaian as cousas, estar pendente aínda de debates partidarios e acordos parlamentarios.

3.3. O desprestixio do idioma

O terceiro aspecto do prexuízo lingüístico é o desprestixio do idioma. Das palabras de Piñeiro non está moi claro qué se entende por desprestixio lingüístico, porque non o define (nin o separa ben do desprestixio social); na realidade, pola maneira que ten de diagnosticalo e combatalo, podemos deducir que se entende da seguinte maneira: como o galego non se usa ou se usa pouco para os usos formais (literatura, ciencia, igrexa, escola, medios, administración) entón non vale para os usos formais. Era daquela un pensamento moi xeneralizado entre nós aceptar como normal que o castelán asumise as funcións altas (ou todas) e o galego só as baixas; pouco despois do discurso de Piñeiro empezou a chamarse “diglosia” esta ideoloxía; entre nós foi Alonso Montero quen empezou a analiza-la situación en termos sociolingüísticos de “diglosia” a partir de 1973; como a diglosia é unha alienación, o suxeito compórtase diglosicamente de maneira automática e non consciente (a non ser que sexa belixerante). Piñeiro, como dixemos no resumo inicial, analiza desde esta perspectiva, o comportamento das elites culturais, do ensino, da igrexa e dos medios.

Imos ver, tamén neste caso, qué se superou e qué perdura aínda do prexuízo diglósico.

No primeiro dos aspectos, o que se refire á creación por parte de elites conscienciadas dunha cultura galega emancipada e co galego como soporte, a batalla “pódese decir que está ganada” (27) dicía Piñeiro; para colocármolos na situación, lembremos que en 1967 se publicaron 32 libros en galego (incluídos os da Galicia emigrante) de aí ese cauteloso “pódese” con que atenua a afirmación. Eses 32 libros, e algunhas conferencias en galego, e algunhas clases de galego na Universidade e nas asociacións culturais era case todo o que había que exhibir, que era moito se o comparamos co que había no 1957, e no 1947 e no 1937 (e aínda no 1935).

Claro que a cultura non se pode medir por anos e no balance de Piñeiro entraba non só a produción do ano 1967 (que aínda non acabara cando el

leu o discurso) senón a dos 100 anos anteriores; e moi especialmente a produción dos ensaístas. Niso Piñeiro era klossiano antes de que por aquí se sentise falar de Kloss, quen, como foi indicado moitas veces, considera moito máis importante como indicio de madurez na elaboración dunha lingua a produción científica cá literaria. Que o galego tivese pasado pola proba de fogo do ensaio orixinal e da traducción de textos ensaísticos era o fallo definitivo da madurez do galego, de que a corozza de xungos fora definitivamente trocada en manto académico de liño (que tamén vale para isto a metáfora). Diciáo Piñeiro un ano antes (1966) ante un congreso luso-brasileiro: “Nos derradeiros cen anos non só quebrou ese estatismo cultural [dos séculos escuros] senón que despregou un notable dinamismo. Pasou dun nivel expresivo de tipo folclórico á expresión das complexas sutilezas conceituais da filosofía de Heidegger, ou a explicar as requintadas reviravoltas do esforzo expresivo de James Joyce, ou a definir ese delicado fenómeno espiritual que chamamos humor, ou a pescudar nas fluctuantes néboas do mundo anímico a través dos criterios interpretativos da psicoloxía de Jung. Ou sexa, que a lingua galega está atravesando actualmente unha profunda revolución cultural, tan fonda como a que o portugués experimentou no período do Renacemento” (*Olladas*: 187). Para os que non coñezan ben a historia da lingua galega hai que lembrar que tal era o devezado de Piñeiro porque o vieiro de *intelectualización* (na liña Havranek) encetado por Risco, Otero e Castelao non se interrompese, que el mesmo se entregou a producir textos filosóficos ou ensaios, orixinais ou traducidos, ou a estimular ós amigos do seu cenáculo a que o fixesen: Rof Carballo, Celestino F. de la Vega, García-Sabell son grandes ensaístas en galego e tradutores, seguramente, gracias a que Piñeiro os animou. Aínda que nos alonguemos no comentario da cita lembremos que os textos que exhibe cunha miga de fachenda “a expresión [en galego] das complexas sutilezas conceituais da filosofía de Heidegger [...] ou a pescuda [en galego] nas fluctuantes néboas do mundo anímico a través dos criterios interpretativos da psicoloxía de Jung”, corresponden a dúas traducións do mesmo Piñeiro; tendo en conta que o público ante o que foron lidas aquelas palabras o ignoraba, a fachenda hai que entendela verbo da lingua mesma, que superara a proba da traducción, e non de maneira persoal. Piñeiro, continúa (ou estimula), xa que logo o camiño de Risco, Otero e Castelao pero faino de maneira máis audaz porque aqueles aplicaron o ensaio, en termos de Kloss, a temas humanísticos de carácter nacional, mentres que estes (Piñeiro, García-Sabell, F. de la Vega e Rof Carballo) fan filosofía ou ciencia (orixinal ou en traducción) sobre temas universais. O seu traballo foi un paso cualitativo moi importante, aínda que a

cantidade no ano 67 fose relativamente cativa. Por iso, en vista da deriva do rego da cultura, naquel momento podía ser razoablemente optimista, e Piñeiro érao; xa o fora en tempos de máis miseria.

Hoxe, 31 anos despois, ¿cal é o resultado realista que podemos quitar? Creo que Piñeiro tería sen dúbida retirado aquel “pódese” precaucionista que pronunciaba no Círculo de Artesáns o ano 1967 e daría xa por definitivamente madurecido o proceso de recuperación do prestixio cultural. (Sinto que non estea el aquí para contestar este discurso e ir confirmando ou desmentindo o que eu supoño que el defendería, neste e noutros puntos da miña argumentación). Quen estea atento á produción editorial galega de hoxe sabe que se imprimen en galego anualmente máis de 1.000 títulos; algúns deles de ciencia dura; moitos de tema ensaístico; moitas traducións das linguas máis dispareas e de textos escritos en estilos moi requintados. Fóra do catalán non hai lingua minoritaria europea que poida exhibir un catálogo tan avultado e variado de títulos e de xéneros. Iso quere dicir (e o libro é só un indicio) que a elite cultural do país, ou polo menos a súa maioría máis activa e dinámica, abrazou a causa do galego. É este un feito que debemos valorar no que merece porque os escritores teñen un papel esencial na creación dun espazo cultural. É verdade que xa non estamos na época romántica e que hoxe dificilmente son pensables figuras literarias nacionais de repercusión popular (política, se se quere) semellante á que tiveron Manzoni con *Il conte de Carmagnole* ou Pushkine con *Boris Godunov* nos países respectivos; entre nós foi Pondal, quizais, quen cumpriu máis modestamente este papel. Pero aínda sen Manzoni, globalmente, a literatura galega pode ofrecer un corpus non desdeñable, o valor da cal vai moito máis alá do estricto mérito literario. Neste territorio, xa que logo, podemos afirmar que o galego está plenamente normalizado, seguramente, fronteiras para dentro, máis normalizado có mesmo castelán. Con todo eu non quitaría o “pódese” que usaba Piñeiro no ano 1967 porque a Piñeiro abondáballe con que o galego tivese pasado a proba do ensaio e da traducción e adquirise un certo rango universitario; pero hoxe a meta temos que poñela (eu polo menos) unha miga máis alá diso e do recoñecemento social correspondente. Para nós o galego ten que pasar agora aínda por outras probas, entre elas a de sermos nós os traducidos a outras linguas, especialmente ás culturalmente máis importantes: o inglés, o alemán, francés e, se cadra, o ruso. Porque para existir plenamente non abonda só o concepto que nós temos de nós mesmos; é mester tamén que os outros nos recoñezan a través dos produtos culturais, literarios ou científicos, vehiculados na lingua. O profesor Fernández Rei ten estudado detalladamente cómo nos ven os estudiosos desde a romanística e campos afíns, que é unha pers-

pectiva cultural moito máis indicativa cá de ter politicamente un estatuto de lingua propia dentro da UE e figurar nos Euromosaicos. E desde a romanística aínda hoxe hai unha certa reticencia a vernos como donos dunha lingua; o último manual, feito por unha autora que non descoñece a realidade galega, aínda coloca o galego nunha cautelosa “would-be language”, lingua en potencia ou posible lingua emerxente (Posner) porque “aínda ten que lograr un recoñecemento internacional significativo” (Green 1993: 9). Que xa non é pouco se nos comparamos coa situación de 1956, cando Piñeiro aducía unhas palabras de W. v. Wartburg pronunciadas ante un congreso de romanistas (quizais o de Barcelona, 1953); segundo Wartburg (e poderíamos citar algúns outros), “o galego, de gloriosa historia, tiña perdido hoxe a súa condición de lingua” (citado en *Olladas*: 101); e remata Piñeiro: “Por leváremos un retraso de máis de cincuenta anos nesta clase de estudos [lingüísticos], a nosa lingua, que no plano da creación literaria está recobrando o seu vello esplendor, non pode, en cambio, alternar coas demais linguas irmáns na gran sistematización científico-romanística”. Segundo Piñeiro, para un romanista non existíamos porque non tiñamos unha gramática nin un dicionario cientificamente equiparables ós das outras linguas románicas. E é verdade que os estudos científicos sobre a lingua propia son moi importantes porque o que non se coñece é coma se non existise. Pero no noso entender a interpretación de Piñeiro non é de todo correcta; os estudos científicos non abundan; quizais non existan hoxe mellores dicionarios de fala románica ningunha cá dos “patois” da Suíza romanda e non por iso hai unha lingua que se chame “suízo romando” (ou máis xenericamente, francoprovenzal) recoñecida pola romanística como lingua de cultura. O verdadeiramente importante é o grao de elaboración literaria da lingua e o peso das súas producións culturais (que ademais, son indicio dunha vontade popular de emerxer e de existir). De feito, hoxe aqueles instrumentos que os romanistas achaban de menos xa existen e con todo o galego só chegou a ser para algúns deles ata agora unha “would-be language” e iso é porque saímos pouco nos suplementos literarios do *Times*, de *Le Monde* e do *Frankfurter Allgemeine Zeitung*.

Así é que, en resume, e é o meu balance, podemos admitir con Piñeiro que “xa [se] ganou a primeira gran batalla: a do prestixio cultural da língoa” (30), se entendémo-lo “prestixio” de portas para dentro pero queda aínda moito traballo para a segunda batalla, a de portas para fóra, que non é menos importante.

Temos, daquela, que a intelectualización da lingua (que é unha propiedade intrínseca dela: ver Garvin e Mathiot, citados por McConnell 1991: 101 e ss) xa non é discutida case por ninguén, aínda que non sexa un proceso que

poidamos dar por acabado, pois non existen linguas acabadas, senón as mortas; pero en liñas xerais podemos concluír que o galego non está moito máis atrasado no plano da elaboración do que calquera outra lingua moderna.

3.4. Prestixio e valor funcional

Pero outra cousa é que este instrumento, que se codificou adecuadamente, que se modernizou ata un grao moi aceptable e se demostrou como apto para todo tipo de funcións, e que gañou no plano das actitudes un aumento moi notable de lealdade por parte dos galegos, gañe no plano das funcións o mesmo grao de aceptación. Unha destas funcións é o que Piñeiro, cunha terminoloxía que coincide exactamente coa da escola de Praga, chama “prestixio (social)” que se mide tomando en consideración o tamaño e a variedade dos repertorios dunha lingua; canto máis funcional é unha lingua, mellor controla as redes intra- e intergrupais; e isto combinado co número dos seus falantes dá un índice do seu prestixio (McConnell 1991: 102).

Queixábase Piñeiro no ano 1967 de que había graves atrancos para que o prestixio social se recuperase e, aínda que non o di pero está implícito, como consecuencia, se frease a desgaleguización, e se producise un gaño de funcións novas (*language spread*). Atribuíao a varias razóns; en primeiro lugar a que “prestixio cultural e prestixio social non van apareados” e así as masas (no noso caso unha sociedade predominantemente rural e mariñeira) tardan en asumir os valores culturais recuperados só por unha minoría; e en segundo lugar porque había tres axentes desgaleguizadores moi poderosos: os medios, a escola e “agora tamén a igrexa”.

A opinión de Piñeiro no ano 1967 non se baseaba senón na observación persoal; daquela non se facían enquisas sobre actitudes lingüísticas coma hoxe; pero os que teñan memoria do que pasaba naquela época recordan que a desvalorización do galego estaba moi xeneralizada e que a deserción do galego era masiva especialmente nas cidades, que, por outra parte estaban empezando a acapara-lo peso demográfico do país. Nos trinta anos que pasaron mudou moito, sen dúbida, a opinión dos galegos porque sucederon moitas cousas favorables para que mudasen as opinións, o cal é ben coñecido de todos. Os que sexan lectores de estatísticas, no volume III do *MSG* publicado por esta institución, poderán comprobar que os xuízos dos galegos sobre o seu idioma como símbolo e como instrumento son positivos ou moi positivos (cunha tendencia tamén a dar porcentaxes altas, equiparadas coas do castelán, nos valores intermedios). Hai mesmo unha pregunta sobre a evolución

do aprecio do informante polo galego nos últimos anos e só para o 3,1 por cento diminuíu, en cambio para o 47,4 mantívose e para o 47,9 aumentou.

Son datos que alentan ó optimismo; para Piñeiro, que vivira etapas moito peores, seguramente serían de moito optimismo. Pero vistos realisticamente (comparándonos con outras comunidades) temos que tomalos con cautela pois o porvir dunha lingua non depende só do valor simbólico que lle atribuíamos; o sentimentalismo non salva as linguas; no libro de Fishman que citei antes hai un apéndice de declaracións de amor por linguas que van entre o alsciano e o yiddish, pasando polo gaélico, polo porvir das cales non hai sociolingüista cordo que dea un peso tal como están as cousas; esta estima en moitos casos é declarada pola maioría da poboación, e mesmo polos que xa as deixaron de falar. O que importa a fin de contas (o amor hai que dalo por suposto) é, como dixemos antes, o seu valor funcional; na época en que Piñeiro dixo seu discurso (prescindindo do ámbito familiar) o valor funcional do galego era case nulo, como el ben declara; hoxe, 30 e pico anos despois o gaño funcional é moi cativo; témo-la conta ben doada de botar se repasámo-los escenarios en que nos movemos cada día e cada semana e anotámo-los sitios en que se nos ofrece un servizo en galego (público ou privado: radio, prensa, misa, teléfono...) ou nos que nós, como galego-falantes, poidamos exercer de tales, a non ser que por militancia adoptémo-la postura de non abdicar, que non sempre é ben entendida (desde a consulta dun médico ou o despacho dun notario ata a sala dunha audiencia, para non mencionar comisarías e cuarteis, pasando, témo, polos claustros das facultades, dos institutos e das escolas); é verdade que en moitos deste sitios se cumpre o mandato constitucional e estatutario de que o galego é oficial, pero na realidade, por defecto, o idioma de desenvolverse é o castelán; xa sei que se poden aducir exemplos do contrario (tendas, concellos, sancristías e claustros), onde hai illas de galego normalizado; mesmo moitas; pero son exemplos que chaman a atención por saírense da norma; o cal demostra que o castelán é hexemónico e o comportamento dos galegos diglósico, por moito que se queira adornar de “harmónica” a situación (confundindo a legalidade coa realidade).

Piñeiro no ano 1967 citaba tres espazos dos considerados especialmente funcionais, nos que algún día o galego penetraría: os medios, a escola e a igrexa. Imos facer unha breve consideración sobre cada un deles.

OS MEDIOS

É curioso que Piñeiro só lles dedique catro liñas escasas ós medios, para indicar que “teñen iniciado a súa contribución, que sin dúbida aumentará, en

favor do prestixio cultural e social da língoa”. Non estamos agora en condicións de investigar qué supoñía en 1967 esa “contribución” en termos cuantitativos e cualitativos, pero era moi pouco. Pouco, na prensa diaria, que é a que importa, quere dicir algunha colaboración de tipo literario ou cultural en suplementos ou follas *ad hoc*; na radio eran breves espazos tamén de contido cultural; na TV creo que naquela altura aínda non había nada. Piñeiro foi menos crítico cos medios que coa igrexa ou coa escola aínda que hoxe (e seguramente xa daquela) a repercusión dos medios no tocante a prestixio da lingua é (e era) moito maior có da escola e da igrexa; a prensa era maioritariamente de iniciativa privada e o mesmo a radio; a súa finalidade non é pedagóxica nin catequística senón económica, así é que mal se podería esperar que ningún xornal se lanzase á aventura de introduci-lo galego cando non existía clientela para consumilo; pero aínda que houbera algunha iniciativa posible, batería contra unha lei de prensa que exercía sobre os periódicos e a radio unha dobre censura, a dos contidos e a da lingua. Por iso, e porque daquela aínda non se prevía o alcance lingüístico que ía ter despois o tema das telecomunicacións, é polo que Piñeiro só fala, referido ós medios, da súa “presión castelanizante”, sen máis comentario.

Temo que neste aspecto as cousas cambiaron pouco desde a época do discurso de Piñeiro, a pesar de ter desaparecido a censura, de se teren creado medios autonómicos propios (a RTVG), e de investirse moito diñeiro público en fomenta-lo uso do galego.

No tocante á prensa escrita diaria (que é a significativa), seguen a rexer as leis de sempre e por iso ningún dos grandes xornais galegos aposta por unha edición en galego en vista de que as súas perspectivas de mercado non prevén rendemento. E isto ten unha miga de misterio porque: as empresas son galegas e os clientes son galegos e ademais xa maioritariamente alfabetizados en galego; e mesmo co incentivo da subvención. E nin así. Nin sequera é doado atopar espazo para a fundación dun diario nacional e independente en galego que sexa algo máis ca unha versión traducida e abreviada doutro diario.

Sexa cal sexa a explicación o caso é que no campo da prensa escrita a hexemonía do castelán segue a ser case tan esmagadora coma no ano 1967. O cal é moi lamentable porque, aínda que dentro dos medios a prensa escrita é hoxe se cadra menos influente e potente cá radio e a televisión, a mensaxe escrita segue a te-lo valor e prestixio insubstituíbles que lle confire un soporte gráfico durable.

No tocante á radio e televisión a situación, pola contra, cambiou moito: pasouse de non ter nada a contar cunha canle de cada medio, cunha programación íntegra (ou case) en galego. A repercusión social que tivo a introducción do galego nestes medios foi enorme. Poder ver e escoitar en galego

telexornais, programas deportivos, debates, documentais, telefilmes ou longametraxes clásicas foi unha novidade moi positiva na que se estreou o galego despois do ano 1967. O prestixio que a lingua gañara só nas esferas das elites culturais nos 150 anteriores estendíase agora ás masas gracias á multiplicación prodixiosa que permiten estes medios. É probable que se poida discutir sobre a calidade idiomática e de contidos da Radio Galega e da TVG pero, aínda no peor dos casos, o balance sería moi positivo.

Pero non hai que enganarse, a radio e a televisión son hoxe medios que o invadiron todo, especialmente as salas de estar e os dormitorios (e aínda non pararon). O espazo hertziano, que é global (non hai espazo herziano galego), é unha praza de abastos no peor sentido da palabra, gobernada pola lei da selva, ou sexa, do máis forte, onde os telderetes se reparten en proporción ó peso demográfico e ó produto interior bruto de cada ocupante. Así é que nesa feira ó galego case non lle queda senón o carriño das gasosas á sombra do carballo da entrada. É un problema xeral, que afecta gravemente a calquera lingua de menos de 10 millóns de falantes pero no noso caso está agravado porque a competencia nos vén principalmente da lingua que é rival da nosa no noso propio territorio.

Así é que se a importancia dunha lingua (e en parte o seu prestixio) se mide polo tamaño e variedade de repertorio, no que toca ós medios temos que concluír que o moito que se andou desde o ano 67, que non había nada, é moi pouquiño se o comparamos coa tallada de león que leva a outra lingua.

Cando Piñeiro escribía o seu discurso as únicas telecomunicacións como “medio” eran a radio e a televisión. Desde aquela desenvolvéronse formas de telecomunicación que nin se podían soñar, entre elas a “internet”, onde a presenza das linguas pequenas está menos atafegada posto que calquera usuario pode ser emisor e receptor (non coma na radio e na televisión onde só podemos ser receptores).

A ESCOLA

A escola é, segundo Piñeiro, outro dos elementos que axudan xerar e a perpetua-lo complexo de inferioridade idiomática e impiden que o prestixio cultural, tan dificultosamente recuperado, se traduza en prestixio social.

Hai que ter en conta que cando Piñeiro foi escolarizado (nos anos 20), e cando o fun eu (nos 40), e mesmo cando escribiu o discurso que comentamos (1967) a escola era o principal instrumento dos varios que tiña o aparato do estado en materia de política lingüística. Igual que na Francia posrevolucionaria (aínda que aquí sen as declaracións manifestas coma as de Grégoire ou

Barrère a favor dunha lingua única e do “anéantissement” dos “patois”, e sen que os mestres aquí recorresen ó bárbaro método do “senhal”) tamén en España se considerou que a existencia doutras linguas eran un estorbo para a produción da “amalgama” nacional e se procurou anulalas “sin que se advierta el cuidado” desde os primeiros Borbóns. Por iso desde que hai escola obrigatoria (Lei Moyano, 1857) ata que houbo autonomías, cada mestre ademais dun instructor era un espello de cidadán. Este mestre á francesa foi retratado centos de veces polos nosos escritores, pero xa que falamos de Piñeiro nada mellor que as súas palabras (agora das *Memorias*): “Ao cumprir os 6 anos levoume [meu pai] á escola. Deica entón —deica os 6 anos— a miña lingua única fora o galego, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante, que era de Lugo, falaba en castelán dentro e fóra da escola e falábao con todo o mundo, mesmo que fosen nenos ou vellos, homes ou mulleres, labregos ou cregos. Non facía a menor concesión. Falaba en castelán coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. [...] Como a miña expresión espontánea e habitual manifestábase en galego —o galego era o meu idioma—, o súpeto e ríxido cambio de lingua producía en min un sentimento de distancia psicolóxica. Ademais da autoridade da súa idade, do seu saber e do seu poder, o escolante tiña outra estraña autoridade: a da lingua. A idade, o saber e as facultades propias da súa función dábanlle ao escolante unha superioridade natural dentro do noso mundo infantil. Pero a utilización ríxida dunha lingua distinta da nosa, dunha lingua que excluía a nosa, dáballe unha autoridade estraña, unha autoridade que non era natural, unha autoridade que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a superioridade persoal do mestre trataba de establecer a nosa inferioridade colectiva. E non só a nosa inferioridade en canto escolares senón a inferioridade nosa en canto galegofalantes. Mais esa inferioridade englobaba tamén aos nosos pais, aos nosos irmáns e familiares, aos nosos veciños, a todo o que era o noso mundo propio”. Son palabras pensadas por unha persoa que recuperou ou adquiriu a consciencia da propia identidade moito despois e que razoa sobre como a “elocuencia do poder” engaiola ós individuos para alienalos sen se decataren.

Unha escola así, diría el despois, que ignoraba e polo tanto negaba e humillaba o máis íntimo da personalidade do neno (a expresión idiomática) era pedagoxicamente contradictoria cos seus fins propios. Enténdase ben: nin aquí nin en ningunha outra palabra escrita de Piñeiro hai referencia ningunha a barreiras idiomáticas que lle obstaculizasen o entendemento co mestre ou co libro; nin Piñeiro nin calquera de nós, galegofalantes e alfabetizados en castelán, nos queixamos disto (a pesar das anécdotas que poidan circular por

aí referidas ós mestres andaluces e ós equívocos cos “años” dos nenos). A queixa, os que chegaron a formulala como Piñeiro, profírena fundamentalmente contra o menosprezo que a escola facía do galego e contra o estigma psicolóxico e lingüístico que deixaba, fose un consciente del ou non.

Hoxe, 31 anos despois, máis do 98 por cento dos nenos galegos estudia galego na escola, o que quere dicir que as cousas cambiaron no sentido en que Piñeiro as presentía e se cadra aínda máis; a introducción do galego no sistema educativo primario e medio é un feito recente e ben coñecido que non merece pola nosa parte moito comentario; o caso é que “a contradicción pedagóxica da escola” se resolveu “en conformidade coas pautas universás do bilingüismo”. Seguramente é discutible que se operase este cambio na escola, segundo postulaba Piñeiro, “polo imperativo interno dos seus propios fins e pola eisixencia externa da xusticia social”. Os que lembrámo-los inicios do galego na escola temos presente o difíciles que foron aqueles pasos tanto pola escasa motivación dos ensinantes (fóra de grupos illados) coma polo escaso entusiasmo con que foi acollida pola poboación en xeral. De feito houbo moitos galegos que consideraron que o galego na escola fora unha “imposición” e non un logro da xustiza social. Os que tivemos algunha responsabilidade daquela recordamos con mágoa a oposición que había, que non viña só dos cuarteis. No *MSG III* non hai preguntas neste sentido e lamentámolo. (As preguntas 89 [*¿En qué lingua prefíre/preferiría as clases?*] ou 94 [*O galego debe se-la lingua habitual da escola*], referidas ó principio dos anos 90, dan aínda a esa altura un indicio da aceptación non excesivamente entusiasta do galego na escola, aínda que, paradoxalmente, as contestacións da pregunta 89⁴ contradín bastante as da 94⁵). Pero en definitiva, e coas dificultades que habrá que historiar no seu día, a entrada do galego na escola foi un logro histórico. Entre as moitas consecuencias positivas que

4. ¿En qué lingua prefíre/preferiría as clases?

en castelán	27,8%
nas dúas	11,5%
indiferente	15,5%
en galego	17,3%
Non Computaos	27,9%

5. O galego debe se-la lingua habitual da escola:

totalmente en desacordo	10,6%
bastante en deasacordo	18,1%
indiferente	16,7%
bastante de acordo	26,1%
totalmente de acordo:	25,3%

Como se ve, o 54,1 por cento está bastante (26,1) ou totalmente (25,3) de acordo en que o galego debe se-la lingua da escola pero só o 17,3 por cento prefíre as clases en galego.

trouxo, seguramente a máis importante foi a de acabar con aquela humillación que a escola facía dos galegofalantes, fosen ou non escolares, tan dramaticamente expresada por Piñeiro nas súas memorias. Outra foi que as multitudes dos nosos campos xa están capacitadas para leren as *Follas novas* que Rosalía escribira *por* elas pero non *pra* elas. Agora se non len *Follas novas* é porque non queren (seguramente non len tampouco en castelán) pero non é porque non saiban. Outra consecuencia boa da introducción masiva do galego na escola foi que serviu para mellora-la lingua mesma; independentemente do criterio que se adopte (aínda o reintegracionista) calquera pode comprobar que o galego de hoxe é moito mellor (máis enxebre, menos vacilante, máis próximo do que debe ser un modelo de lingua modernizada) porque os galegos agora adquiren pola aprendizaxe escolar coñecementos de carácter gramatical, e normalizan mesmo as intervencións “artificiais” que os técnicos (os académicos) propoñen como normativas.

Son tan obvios os beneficios derivados da introducción do galego na escola que non imos insistir niso; quero deixalo claro para que os comentarios que vou facer a seguir sobre problemas que aínda persisten ou problemas novos que xurdiron non lle resten importancia ó feito.

Un destes problemas é que desde que Piñeiro escribiu o seu discurso a hoxe a poboación de galego-falantes iniciais descendeu de maneira dramática, nunha proporción e a unha velocidade nunca vistas antes pero por unha causa en parte allea á escola: a “modernización” do país. Non se refíre no discurso a este problema que xa daquela se vía vir, pero é explícito seis anos máis tarde na carta a Rodrigues Lapa (en *Olladas*): “A Galicia urbana, culturalmente alienada durante séculos, vai sensibilizándose á verdadeira realidade galega, vai adquirindo unha nova visión desta realidade” (267). “Esta é a gran batalla que agora está librando o galego: a conquista da plenitude cultural e, con ela, a conquista da Galicia urbana. Quer dicir: a conquista do futuro” (268). Aínda que neses presentes progresivos (“vai sensibilizándose”, “vai adquirindo”) dá por certa, como era esperable nel, unha mellora da situación, noutras pasaxes do mesmo texto manifesta unha cautelosa dúbida sobre o triunfo desta transformación falando en condicional: “Morre, si, ou polo menos esmorece o galego campesiño transformándose en lingua escrita, en lingua urbana, en lingua moderna con dinamismo de futuro. [...] Si triunfa —e eu confío no triunfo—, o galego será a expresión espiritual da personalidade colectiva do pobo galego; si fracasa, a personalidade colectiva do pobo galego disolverase na historia e os galegos serán asimilados polo mimetismo cultural” (276). Pois lamentablemente as cousas discorreron pola peor das alternativas porque desde

aquela a Galicia urbana non deixou de crecer e a rural de encoller, e case na mesma proporción creceu o uso do castelán e minguou o uso do galego; hai matizacións que facer pero en cifras globais a aculturación da Galicia urbana, e cada vez máis tamén a rural, faise en castelán. Acudimos outra vez ó *MSG I* (gráfico 3.2) onde hai unhas estatísticas inapelables que dan un indicio indirecto disto: cando Piñeiro foi escolarizado o galego era a lingua inicial (ou sexa, coa que se chegaba á escola) para máis do 80 por cento dos nenos; no ano 1967 a porcentaxe era de arredor do 50 por cento e na actualidade (datos de 1994) é só do 34 por cento. O cal quere dicir que se a escolarización en galego non tivese acabado xa co problema da “humillación psicolóxica” a falta de nenos con lingua inicial galega estaría acabando con el pola vía da extinción.

Lembro que este descenso de nenos con lingua inicial en galego é en boa parte alleo á escola; a responsabilidade tena fundamentalmente esa Galicia nova, predominantemente urbana que, pesar da desaparición do prexuízo sociolóxico, non soubo identificarse coa Galicia tradicional, en contra do que esperaba Piñeiro.

Con todo hai que dicir que desde sempre, tódolos que reclamaban a presenza do galego na escola, Risco, Castelao, Filgueira, Iglesias Vilarelle ou Piñeiro, pensaban, pensabamos, que a presenza do galego na escola ía ter un papel beneficioso non só na recuperación do prestixio do idioma, senón tamén como freo na desgaleguización do país; mesmo se esperaba unha regaleguización ou galeguización. O cal era lóxico pois se a escola fora un dos principais axentes da desgaleguización, unha escola galega debería producir automaticamente o efecto contrario. É o que pensaron tamén os irlandeses. Pero a eficacia da escola para contrarrestar aqueles efectos da “modernización” (ou sexa da castelanización) foi moi escasa ou nula. A dicir verdade, na nosa opinión, a escola de hoxe aínda é un axente castelanizador máis eficaz ca na época en que Piñeiro ou eu mesmo fomos escolarizados. Porque o neno Piñeiro ou o neno Antón entraban na escola falando galego e volvían para a casa falando galego; en cambio hoxe, polo menos nas cidades e tamén nas vilas (e xa bastante nas aldeas, porque os grupos escolares fan estragos neste sentido), é case un milagre que un neno galego-falante volva para a casa falando galego despois do seu paso pola escola; por suposto aínda é máis milagre que ocorra o contrario, que un neno castelán-falante se (re)galeguice na escola. Podemos facer un plebiscito entre os aquí presentes e comprobalo. (No *MSG II* hai dúas preguntas sobre o tema (92 e 93) e entre o 20,2 por cento dos que contestan que a lingua da escola *condicionou* a súa lingua habitual o 82 por cento

contesta que a favor do castelán e o 18 a favor do galego; é verdade que segundo o *MSG* nos menores de 25 anos as porcentaxes están máis próximas, pero aínda así o valor da escola como elemento regaleguizador é moi reducido, e cito case textualmente ós autores do mapa, sempre propensos a faceren lecturas positivas baseadas, por outra parte, só nas opinións dos informantes e non en conductas observadas).

Claro que todo depende da meta que nos propoñamos con respecto ó galego e ó papel que lle deamos á escola na súa conservación e na súa revitalización.

Con respecto ó primeiro, a saber, cál debe se-la posición do galego nesa futura Galicia “dona dos seus recursos, ao servizo dos seus fillos” (*Olladas*: 268) a aspiración de Piñeiro foi sempre que a lingua “propia” fose lingua oficial: “A superioridade dunha lingua verbo da outra xa non é, como antes, cultural (lingua dos iletrados, lingua dos letrados), senón que é política. Trátase de dúas linguas, cada unha delas coa súa cultura escrita, unha das cales é lingua oficial e a outra non” (*Olladas*: 265). No discurso parlamentario en que se aprobou a Lei de Normalización Lingüística congratúlase da devolución dos dereitos lingüísticos: “Nós, por azar histórico, imos se-los que lle devolvamos a plenitude de dereitos á nosa lingua”. (A declaración de que o galego é a lingua propia de Galicia é recoñecida en case tódolos seus escritos. En cambio non se refire nunca, que eu saiba, de maneira explícita a qué significa na vida diaria ser lingua “propia”, é dicir, cómo vai o galego repartir ou compartir funcións coa outra lingua ou de qué maneira se vai resolve-la situación de hexemonía que ocupa o castelán.)

Con respecto ó segundo punto xa dixemos que Piñeiro non fora moi explícito no seu discurso; se cadra no ano 1967 non se podía propoñer nin pensar senón nunha solución “en conformidade coas pautas universais do bilingüismo”; naquela época unha boa maioría da poboación falaba galego e supúñase que coa escola en galego un neno galegofalante, alfabetizado tamén en galego, volvería á sociedade instalado no galego e orgulloso de falalo. Por iso quizais a meta de Piñeiro non necesitaba ser máis definida. A eficacia da escola dábase por descontada sen máis precisións. Noutros escritos as referencias ó papel da escola tamén son escasas e en xeral só para salientar negativamente o modelo vixente (non bilingüe). Seguramente subscribía con Viqueira, de quen fai unha semblanza en 1969 (*Olladas*: 230 ss) e de quen cita unhas palabras dos anos 20, que: “a aspiración da escola debe ser transmitir canto hai de bo na nosa raza e facer xermolar canto hai de grande nela. Á escola pedímoslle pois a raza na súa total inte-

gridade. Que todo, desde o ler ata o ensino máis alto, se faga pensando no porvir do noso pobo” (cit. en *Olladas*: 233). (Daquela a palabra “raza” non era tabú; hoxe dise “etnia”, “grupo étnico”, “grupo de lingua materna” ou “pobo” pois era propiamente a “grupo cultural diferenciado” ó que se refería Viqueira). Nas palabras de Viqueira, salientadas e creo que asumidas por Piñeiro, deducimos que para ambos o papel da escola galega era algo máis có dun modelo bilingüe de ensinar ler en galego, aínda que nos anos 20 e nos 60 fose unha aspiración utópica. Utopía que Piñeiro parece dar por cumprida coa recuperación da “plenitude de dereitos” de que fala no discurso de aprobación da Lei de Normalización Lingüística.

Daquela, se o galego é lingua propia de Galicia (para o cal lle é necesario ser lingua oficial) o seu papel deberá se-lo de integrador da comunidade, leva-lo peso esencial da nosa identidade con tódalas consecuencias que iso implique. A outra solución, que ninguén desexou nunca, desde logo nin Piñeiro nin eu, sería a dunha Galicia escindida en dúas comunidades lingüísticas en disputa. Ninguén pode nega-la obviedade de que tamén hai a outra cultura, que ata hai pouco era a única oficial, e que se non desaparecemos, no futuro seremos unha realidade pluricultural; por iso é desexable que se practique un respecto recíproco, pero asumindo todos que o centro de gravidade desa Galicia bilingüe ou bicultural do futuro debe de estar na lingua histórica e propia de Galicia.

Todo isto ten consecuencias moito máis alá da escola, que é no discurso de Piñeiro o tópico que estamos a comentar.

Dixemos xa que a conservación dunha lingua non depende só da escola, polo tanto unha política de conservación ou de revitalización que se basee principalmente na escola, como parece se-lo modelo galego, non é eficaz máis ca naqueles casos en que no individuo escolarizado (en xeral xa na súa familia) hai unha predisposición ideolóxica favorable.

Pero a escola é un elemento moi importante. Os hebreos, coa predisposición ideolóxica que tiñan, recuperaron a súa lingua en menos de 100 anos co apoio fundamental da escola (a primeira escola hebrea nun asentamento é de 1888, en 1920 a lingua escolar é xa a lingua familiar en moitos casos en vilas e asentamentos; hoxe, despois de moitas querelas lingüísticas, con todo, é de case toda a poboación hebrea de Israel; téñase en conta que polo 1910 os hebreos residentes en Palestina nin sequera necesitaban unha lingua propia de comunicación porque a inmensa maioría deles tiñan o yiddish como lingua franca interna). Esta recuperación pola escola hebrea, axudada por outras motivacións, débese fundamentalmente a que o hebreo foi ensinado polo “método directo” (hebreo polo hebreo) desde

as etapas máis elementais do ensino, é dicir, volveuse na escola a primeira lingua para os nenos hebreos. A escola, en Israel, supliu (ou axudou) na transmisión do hebreo a función que normalmente desempeña a casa (Spolsky 1996: 13 ss).

Nas minorías onde de verdade se defende a pervivencia da lingua propia trátase de enraizala desde a idade pre-escolar para asegurar unha posesión durable. Porque para o que se criou nunha lingua, esta “é sen dúbida a posesión que dá a maior seguranza que se poida imaxinar, o máis rico *Inventar der Vertrautheit* (inventario da fiabilidade) como di Adorno”. Na lingua en que un se cría “as palabras son dunha univocidade da que un se pode fiar. Están como engastadas nun anel que contén a significación nunha forma segura. Pero a través desta primeira lingua exprésase tamén un ‘patético moi particular’ (Max Weber), unha aptitude para a emoción intensa, que un non se dá atopado en linguas aprendidas máis tarde. [...] Na lingua materna as palabras teñen unha estabilidade que non se atopa en ningunha outra, porque están saturadas de experiencia vivida e teñen, daquela, coma un valor intrínseco” (Camartin 1985: 53). Por iso é necesario que a escola sexa unha continuidade co fogar naqueles casos en que o galego é a lingua do escolar e aínda, para aqueles que o queiran (e é un desexo que se debe estimular) sexa lingua de acollida na escola; isto chámase na xiría didáctica, “inmersión lingüística”, que hoxe parece que é un termo maldito, excepto cando se aplica ó castelán ou ó inglés. Inmersión foi a que fixeron cos nenos hebreos e a que fixeron con nós (cara ó castelán) desde hai séculos. Foi o que non se fixo en Irlanda a tempo e están agora tratando de botar en marcha. Se cadra iso só non abonda para unha política de conservación (“language maintenance”) e recuperación (“language shift reversal”), ante a falta da compoñente ideolóxica forte, pero é condición da que non se pode prescindir. Cando se acometa esta política, e non debería aprazarse máis, temos que saber que se vai tratar dun proceso complicado e lento, porque as intervencións hai que facelas con espírito democrático (e aínda hoxe non esmoreceron de todo os prexuízos sociolóxico e ideolóxico contra o galego), e porque os primeiros froitos poden tardar 25 ou 30 anos en verse. As autoridades deberían avaliar se chegou xa o momento adecuado, e comezar a promove-la creación de garderías (os maorís chámanlles *Kohanga reo* ‘niños de lingua’ e están inzando Nova Celandia con eles) e escolas galegas, é dicir, co currículo todo en galego, nas zonas en que a rede de galego-falantes aínda se mantén, e tamén para a promoción de garderías e escolas deste tipo e de redes galegófonas tamén nas áreas urbanas. Hai profesorado idóneo para facelo (cousa que non había no ano

67 nin no 79) e hai tamén unha demanda moito maior da que se sospeita segundo podemos observar e polas actitudes positivas manifestadas pola maioría dos galegos segundo o *MSG*. Lamentablemente esta medida que propoñemos, que é a que se practica onde a planificación lingüística deu resultados, encontra hoxe un obstáculo legal, pois a Lei de Normalización Lingüística no Artigo 12,3 prohibe expresamente a separación de centros por razón de lingua. Pero tendo en conta que a escola non é ámbito “privado”, polo tanto é unha esfera onde é relativamente fácil intervir, convén sen dúbida aproveitar-los recursos da lei ata o máximo mentres non se estudia a pertinencia de cambiala.

Sei que hai para isto bastantes inercias que vencer, entre elas o roncel dos prexuízos a que nos referimos antes, e sen dúbida tamén o corporativismo de moitos funcionarios do ensino que consideran a demanda de impartir-la súa docencia en galego como unha carga adicional. O que está claro é que de momento hai bastante resistencia, Piñeiro diría deslealdade. En xeral Piñeiro é pouco amigo de verter acusacións contra ninguén, a non ser contra os inimigos declarados da lingua; pero hoxe estamos nun momento tan delicado que negarse á “prestación de auxilio”, por parte dun funcionario do ensino é case tan criminoso como declararlle a guerra ó galego. Piñeiro, que ás veces non se contiña e arremetía contra os hostís, posiblemente non dubidaría en volver a usar contra o ensinante hostil ou indiferente unhas palabras que usara no ano 1956 de modo xenérico: “Cando un pobo, como ocorre co noso, non constitúe unha realidade político-estatal e existe somentes como realidade cultural, o deber fundamental e máis urxente que teñen os seus integrantes é a conservación, a defensa e o arriquecemento do seu patrimonio cultural xenuíno. O abandono deste deber leva consigo a morte do pobo como pobo. De aí síguese que toda actitude de indiferencia ou de abandono fronte á cultura autóctona é unha deslealdade co propio pobo, e é, ademais, unha deslealdade grave, unha verdadeira traición, porque conduce á comunidade espiritual de que se forma parte a unha desaparición certa en canto realidade peculiar” (*Olladas*: 96). Eu pola miña parte creo que as reticencias dos funcionarios cada vez son menores, porque o galego é un valor en alza, que se percibe. En calquera caso a condición de funcionario é un mal que como moito acaba ós 70 anos e hai moitos mozos novos, aspirantes a funcionarios, preparados en galego, e motivados para cambia-lo ensino galego.

Para resumir todo isto: a escola é un dos esteos esenciais na recuperación do galego e a ela débesele moito do andado; Piñeiro no ano 1967 seguramente nin soñaba un ensino xeneralizado do galego coma o que te-

mos hoxe. Realmente, fóra do mundo editorial, onde a batalla está gañada, en ningunha outra esfera da cultura tivo avances tan considerables o galego coma no do ensino; é un campo no que estamos lonxe dos avances desexables pero estamos sen dúbida por diante de calquera outra comunidade europea con lingua minoritaria (agás Cataluña). No noso caso a recuperación do galego non pode descansar no ensino só, pero tampouco podemos dar por acabado o que podemos esperar del.

A IGREXA

A igrexa é outro dos elementos salientados por Piñeiro como obstaculizadores da recuperación do prestixio social da lingua. É curioso que Piñeiro considerase que a presión castelanizante da igrexa se sumaba só “agora” ó da escola e dos medios. Era benévolo Piñeiro porque o papel castelanizante da igrexa foi o máis madrugador e dos máis graves. O que ocorre é que daquela había un motivo engadido de alarma porque había pouco que, conforme á doutrina do Concilio Vaticano II, se substituíra o latín polas linguas vulgares na liturxia, e a igrexa galega en xeral, especialmente a súa xerarquía, optou por considera-lo castelán a lingua vernácula de Galicia. No libro de Caamaño e Pampín (1980) cóntase moi pormenorizadamente esta historia. Pero era realmente o que cabía esperar vista a traxectoria histórica da igrexa galega verbo da lingua. Os galegos que nos ocupamos das linguas románicas ou temos curiosidade pola historia das linguas minoritarias europeas sempre nos sorprende que para outras linguas en estado semellante á nosa (o romanche, o vasconzo, o bretón ou o catalán) sexan os textos relixiosos os primeiros en aparecer e os que sobreviviron calquera tipo de miseria política e lingüística; vai de seu que o catecismo, as oracións ou a confesión (de habela) ou o canto dos salmos (de habelos) eran na lingua propia. Aquí se houbo algo diso perdeuse xa antes do Concilio de Trento. As constitucións sinodais galegas dos séculos XV e XVI cando se refiren á lingua da predicación ou da catequese non mencionan en sitio ningún que teña que ser nunha lingua diferente a aquela en que están redactadas as sinodais mesmas, a saber, o “romance”, ou sexa, o castelán (ver García y García 1981 as voces ‘catecismo’, ‘homilía’, etc.). O Concilio de Trento (Decreto “De Reformatione”, 11 de novembro de 1563), cando se refire ó catecismo, manda que os bispos coiden de “que se traduza fielmente á lingua vulgar”; o primeiro catecismo na lingua vulgar deste país, se non estamos errados, é *O cate-*

cismo na escola, de X. Morente e M. Vidán, de 1972 e, aínda que leva as preceptivas licencias, non é da conferencia episcopal galega senón unha iniciativa privada. A lingua mesma é testemuño da deslealtade da igrexa cara á lingua pois é o vocabulario relixioso un dos máis castelanizados. Daquela, que na época do Vaticano II e aínda no ano 1967 o castelán fose considerado maioritariamente pola igrexa galega a lingua vernácula de Galicia non pode estrañarnos, porque había máis de 400 anos o Credo e a Salve e os Artigos da fe e os Mandamentos e o Noso Pai se ensinaban en castelán (a cronoloxía das primeiras documentacións destas oracións en galego poden verse en López Muñoz 1989: 27 ss). Enténdese que unha diglosia de 400 anos non a poida neutralizar nin un concilio.

E hai outra cousa tamén que nos chama a atención ós que estudíamolos rexurdimentos de linguas minoritarias europeas: o papel importante que tiveron os seminarios e o clero no rexurdir daquelas; sen Verdaguer e Costa i Llobera, que se mantiveron como clérigos durante toda a súa vida (Costa caeu morto no púlpito mentres predicaba), as renaixenças catalana e mallorquina serían moito máis cativas. No noso caso non se pode dicir que o clero estivese ausente de todo das tarefas do rexurdimento pero de ningunha maneira deu figuras tan singulares como Verdaguer ou Costa (por moito que debamos estimar a Saco ou a López Ferreiro ou a Lago González); en calquera caso a igrexa mesma foi impermeable ó rexurdimento. Que Lago González ingresase no Seminario de Estudos Galegos o mesmo día ca Castelao e empezase o discurso recitando a Añón (“Ai desperta adourada Galicia...”) aínda lle engade un amarguxo máis ó asunto.

Piñeiro, que coñecía ben o papel que tivera o clero catalán na defensa da lingua catalana, e que sabía como o catalanismo era defendido desde os penedos de Montserrat e de Poblet, e desde os pazos arcebispais de toda Cataluña, lamentaba que a igrexa galega perdese unha oportunidade máis, tendo en conta que xa había dentro do propio clero un formento favorable. Posiblemente Piñeiro fose no seu reproche á xerarquía católica (pola “humillación espritoal dun pobo”) algo severo de máis, tendo en conta que a outra parte da igrexa, o pobo cristián galego, era reticente ou non unánime na demanda da liturxia en galego. Seguramente no ano 1967 xa non quedaban velliñas como a que no ano 1933 lle preguntaba a Filgueira se non sería pecado rezar cos Ultreys un viacrucis en galego; pero o que non había seguro nese ano eran cinco mil galegos dispostos a regalarlle cinco mil gramáticas do galego común ó arcebispo de Santiago, como lle regalaron os cataláns a da lingua deles a González Martín cando o nomearon bispo de Barcelona. Que había (e hai) reticencias no pobo para a liturxia en galego resulta evidente cando se

toma en consideración o comportamento doutros credos pois, que saibamos, para os luteranos de Galicia a lingua vernácula desde sempre foi o castelán, o cal é increíble nos luteranos; hoxe seica hai unha comunidade de mahometanos galegos que usa o portugués, segundo din os xornais.

Desde o 1967 tamén cambiaron moito as cousas na igrexa católica de Galicia, xerarquía e pobo. No ano 1988 (non temos datos estatísticos máis recentes) entre os cregos das dioceses galegas o 54,8 por cento eran partidarios do galego como lingua normal (o 27,2 por cento) ou preferente (o 27,6 por cento) para a igrexa de Galicia. Exactamente as mesmas preferencias eran as que se daban entre os fregueses, coa particularidade de que neste caso, por grupos de idade, entre os de 40-50 anos a preferencia por unha igrexa galega (total ou maioritariamente) era de 73,5 por cento (entre os de 70 ou máis só dun 8,9 por cento). Claro que iso non se corresponde despois coas porcentaxes de misas en galego, pero demostra que por parte da igrexa católica galega hai tamén un cambio de actitude e de conducta. (Ver máis detalles en López Muñoz 1989).

Posta en termos de Piñeiro, a da igrexa non é aínda unha batalla gañada pero tampouco perdida. Hoxe o cura, *sua sponte* ou aguilloado por fieis militantes, fai a liturxia en galego en moitos lugares e ninguén pensa que sexa pecado. Hoxe un cura, por integrista ou polos motivos que sexa, pode negarse a dici-la misa en galego pero xa ningún se atreve a firmar co seu nome declaracións de hostilidade como as que firmaban no ano 1964 os cregos da enquisa Fernández Ferreiro (Caamaño-Pampín 1980: 17).

Estámonos alongando neste comentario desproporcionadamente pero aínda hai dúas apostilas máis ó tema do galego na liturxia. Unha, que a alfabetización masiva en castelán acabou cos monolingües galegos e polo tanto agora a “pedagogía pastoral” xa non ten a barreira idiomática (se é que a houbo algunha vez) e polo tanto acabou tamén coa “contradicción entre os fins e os métodos” que era a base principal do argumento de Piñeiro contra a igrexa católica. Agora se a igrexa católica é hostil ou indiferente, non habendo tampouco a desculpa de que o galego se fale mal ou que os mesmos galegos non o entenden (aducido polos cregos da enquisa Fernández Ferreiro, sentimento bastante xeneralizado aínda en 1967) ou a de que non o queren, a fracción da igrexa católica que siga sendo indiferente ou hostil teremos que incluíla entre os hostís ou indiferentes ante o feito cultural galego e considerala, como a aqueles, culpable “dunha deslealtade grave, dunha verdadeira traición”, *sit verba*, para citar unha vez máis palabras do autor revisitado.

A outra apostila é que, desde un punto de vista sociolingüístico, a igrexa deixou de ter como axente idiomático un peso tan determinante como

tiña no ano 1967, e como tivera nos quince séculos anteriores. Hoxe as redes de interacción xeradas pola igrexa están pasando case ó que podíamos chamar sector privado.

Así é que, resumindo, no tocante á igrexa, a influencia da cal Piñeiro consideraba “non menos grave” cá da escola “no tocante ás súas consecuencias negativas”, mudou para ben nestes 30 anos. Por outra banda, aínda que a xerarquía da igrexa católica e boa parte do seu clero non traducise de modo xeral a súa actitude en actos positivos, tamén é verdade que lingüisticamente a igrexa pasou a ser unha institución de carácter secundario.

4. *O prexuízo ideolóxico*

Quedan resumidas as ideas de Piñeiro máis arriba a propósito da “lingua única universal” no seu dobre aspecto: o de constructo científico (que non é propiamente unha lingua natural senón unha metalingua como son hoxe por exemplo as linguaxes de programación na informática) e o da utopía dunha lingua natural única, común para toda a humanidade.

Desde un punto de vista “cultural”, a primeira é unha necesidade científica e a súa creación e difusión non ameazan en nada as linguas naturais, e polo tanto tampouco a galega. Neste sentido as opinións favorables de Piñeiro sobre esta lingua instrumental non merecen a penas ningún comentario. Só unha pequena precisión porque segundo se desprende da argumentación do noso autor parece que se está construindo unha lingua artificial universal, formulística, libre de redundancias, na que cada concepto ten unha expresión de sentido unívoco; pero isto só é verdade en parte porque esa lingua “lóxica, racional e denotativa” é case tan utópica coma a outra; de feito, fóra de niveis moi formalizados e abstractos (e aínda neles), cada lingua usa para isto a súa sintaxe natural e constrúe con materia propia a súa terminoloxía. Dito doutra maneira, para entendérense dous homes falando, poñamos por caso de lóxica matemática, teñen que te-lo mesmo idioma ou entender un o doutro; Russell e Frege cartéanse en inglés ou en alemán por moi unívocos que sexan os predicados das súas proposicións. Porque realmente esa lingua artificial da ciencia ata agora só se demostrou eficaz para falaren os humanos coas máquinas e aínda así non hai un dialecto único porque no fondo tódalas linguas artificiais se basean en linguas naturais (aínda que haxa un predominio do inglés, tamén aquí). Se o vemos desde o outro lado, esa lingua científica en parte xa existe porque mesmo na lingua común dun falante corrente moito do seu

vocabulario é só denotativo; a nivel de dicionarios de lingua é doado de comprobar por exemplo que a metade das entradas son terminoloxía pura, é dicir, corresponden a conceptos únicos e ben definidos e carecen de polisemia. Nunha lingua de cultura isto é inevitable e é o que explica a inercia de que durante tanto tempo se usase o latín para a ciencia e a filosofía cando literariamente as linguas vulgares levaban séculos de cultivo, porque o latín xa tiña o vocabulario preciso; é o que explica aínda hoxe as reticencias de moitos para usaren o galego en ciencia dura coa escusa de que falta de vocabulario técnico. (Digamos de pasada que cando as linguas vulgares occidentais comezaron a usarse para a filosofía e a ciencia o que fixeron foi pouco máis que toma-lo tecnicismo latino como préstamo fonético e semántico, ou só semántico). Resumindo o que queremos dicir: entre a lingua dun falante común e a lingua dun lóxico non hai unha fronteira clara porque, á parte da complexidade da operación mental, nos dous casos, como diría Humboldt, a lingua pensa por eles. No caso das máquinas, as decisións que estas toman baséanse en ordes previamente programadas, escritas nunha lingua (realmente hai moitas linguas) que aínda que derive dunha lingua natural dificilmente vai poder servir para outra cousa máis que para dar ordes nunha dirección. De feito na actualidade está pre-ocupando bastante máis atopar ferramentas de traducción automática dun idioma para outro ca non de encontrar un idioma común único. Xustamente na linguaxe técnica, na que os xogos retóricos están ausentes, é onde a traducción automática pode ser eficaz case ó cento por cento.

O outro aspecto, o da utopía dunha lingua natural única, e os argumentos de Piñeiro para combatela, merecen un comentario máis pomenorizado.

Por moito que se teña combatido, a opinión de que Babel foi unha maldición segue a ter certa vixencia; dificilmente se podería escapar diso se un o aprendeu na doutrina ou pasou pola experiencia de entrar en terra de lingua descoñecida: “Só necesitamos atoparnos nun país, poñamos por caso Hungría, onde cada sinal parece un abracadabra e os falantes encollen os ombros ante os nosos esforzos para comunicarnos, para sentir algo do terror agochado na visión hebrea” (Haugen 1987: 1). A causa desta maldición desde un punto de vista da ciencia lingüística foi explicada hai moito tempo: os homes non se separaron uns doutros porque non se puideron entender; diversificaron as súas linguas porque xa estaban separados. Nos tempos en que se fabricou o mito de Babel só o peregrino ou o guerreiro ou o fronteirizo sufrían a infrecuente experiencia desa maldición. Agora que o barco de vapor, o tren, o automóbil, o cine, a radio, a televisión e a internet volveron xunta-los homes, as fronteiras lingüísticas sên-

tense coma un estorbo, un atraso ou mesmo, economicamente, un gasto descomunal e innecesario e en nome da comodidade, do progreso e do aforro, uns por unha razón outros por outra, desexarían derrubar esas fronteiras. Iso adobíase con que esa “lingua única” volvería a uni-los homes e acabaría coa lacra das guerras. Hai moita literatura sobre isto.

No debate dos prós e contras sobre a rehabilitación do galego desde hai máis de un século xurdiu moitas veces este tema que, cando se trata de linguas pequenas e en situación de atraso, parece que se sente con maior agudeza. E iso porque parece haber un tendencia xeral que impulsa ó home a non acepta-la “diferencia” e aspirar, segundo os casos, a asimila-los outros ou a integrarse neles. O debate lingüístico en Galicia dá abundantes textos nun e noutro sentido.

No tocante a este prexuízo é bastante máis complexo avaliar se estamos mellor ou peor ca hai trinta anos porque é un prexuízo que nin é medible nin é só galego. Igual ca en todo, seguramente en certos aspectos estamos peor porque a globalización cada vez é maior e as fronteiras idiomáticas son un obstáculo cotián mesmo na casa propia; pero por outra parte a humanidade tamén é cada vez máis consciente que o que nos fai máis humanos é sermos diferentes uns dos outros.

Os argumentos de Piñeiro en favor das linguas e en contra da utopía da lingua única, a meu entender son excesivamente filosóficos e escasamente históricos. Na historia lingüística da humanidade hai etapas de “equilibrio” e “interrupción” (ing. *equilibrium* e *punctuation* na terminoloxía de Dixon 1997: 67 ss); as etapas de equilibrio son aquelas en que cada grupo desenvolve a súa lingua de maneira espontánea, libre de contactos traumáticos con outras linguas (non se descartan nos momentos de equilibrio situacións de bilingüismo pero con intercambios bidireccionais); os momentos de “punctuation” son aqueloutros en que por efecto dunha catástrofe de tipo natural, ou pola emerxencia dunha forza política ou relixiosa moi agresiva, ou por innovacións técnicas revolucionarias (a escritura, a imprenta, a radio...) a deriva natural dunha lingua é interrompida. Non se sabe o longa que é a historia lingüística da humanidade, se cadra entre 30 e 50 mil anos (Crystal 1997: 293); os achados fósiles máis antigos de *Homo sapiens*, con cerebro e tracto supra-vocal capaz de ter fala, non van máis arriba de 100.000 anos, o cal non quere dicir que o primeiro *homo loquens* teña esa idade (Lieberman 1998). O que si é certo é que ata os últimos 3.000 anos anteriores á idade moderna foron moito máis abundantes os períodos de equilibrio cós de interrupción; a expansión romana foi unha anécdota pequena diante do que ía vir despois. É a partir de 1492

cando a historia lingüística do mundo deu un cambio de consecuencias aínda non ben perceptibles e calibrables: a raza branca (árabes e europeos) ocupou por invasión tres continentes e medio. En 1910 estaban libres do dominio dos brancos unicamente Liberia, Etiopía, Tailandia, a China, o Tibet, o Xapón e Corea. Nalgúns sitios o dominio numérico e cultural dos brancos volveuse irreversible (América, Australia, Nova Celandia, Nova Guinea); noutras partes (África e Asia), a lingua dos antigos amos converteuse ó parecer en imprescindible mesmo despois da emancipación. Tanto a conquista como a imposición da lingua dos brancos foi unha fazaña que está moi lonxe de se-la empresa heroica que nos intentan pinta-los libros oficiais de historia porque linguas e pobos enteiros foron exterminados (só entre españois e portugueses, dunha maneira ou doutra, foron causantes da desaparición de setenta millóns de indios; o que equivale a máis de dez Holocaustos); no mellor dos casos moitas linguas e moitos pobos pasaron a ocupar unha situación subalterna. Como queira que sexa parece que foi asumido case de maneira xeral que a desaparición das linguas pequenas é un bo síntoma de progreso, e agora xa non falamos só de linguas de terras conquistadas, de cen falantes como era o dyirbal en 1963 cando o estudiou Dixon, senón de linguas de moitos millóns de falantes; mesmo as linguas de terras orixinarias da raza branca, incluídas algunhas que foran vehículo dunha importantísima civilización (como é o provenzal), foron interrompidas (*punctuated*) por procedementos diferentes ós da conquista (e ás veces non tan diferentes, como foi o caso de Irlanda), pero en calquera caso resultaron sometidas a unha presión cultural moi grave. Desde o punto de vista dos triunfadores isto vese coma un grande logro da civilización: “Este fenómeno de la multiplicidad de lenguas era característico de las culturas primitivas”. “La humanidad ha ido evolucionando por el camino de la civilización: del número incontable de las lenguas tribales, se ha pasado a las lenguas nacionales, y aún estas son excesivas”. Palabras coma estas, ditas aínda hai moi pouco por un galego, medalla Castelao, responden a un estado de opinión bastante xeneralizado. Fóra da curiosidade de que sexa un falante dunha lingua minoritaria quen formule este desexo, o certo é que agora non adoita falarse utopicamente dunha lingua única senón de 6 (ou 12, ou 600) linguas con posibilidade de supervivencia. Sexa unha, sexa media ducia, sexa unha ducia ou cincuenta ducias tanto dá; a desertización é case igual de lamentable ca se quedase unha soa. E este progreso xa non é un desexo utópico de socialistas soñadores senón un perigo real que está aí; de momento van caendo as máis desvalidas, as menos nacionais, a un ritmo de unha cada dúas semanas (supoñendo que a

“civilización” siga progresando polo camiño que leva agora, porque aínda está por ver o que a terra aguanta)⁶.

Hai máis, aínda que non houbese estas desaparicións (por extinción, forza, abandono...), á longa, as conquistas, os inventos e o dólar provocan que a diversidade non poida desenvolverse libremente (en equilibrio) e daquela xa é case imposible que poidan aparecer formas dialectais que acaben cristalizando en linguas novas; talmente é o contrario o que está a pasar: os dialectos dilúense galopantemente na lingua nacional correspondente e mesmo entre linguas, a nivel mundial, está habendo un fluxo de préstamos de todo tipo que irá aproximándoas unhas a outras no espírito e na materia. Esta interpenetración será maior canto máis próximos sexan os sistemas lingüísticos, por exemplo, pequena entre o inglés e o xaponés, grande entre castelán e o portugués. (Deixo á imaxinación do oínte ou lector o que pode pasar entre o castelán e o galego). Parece que o inglés está chamado a exercer un papel hexemónico nesta “creoulización” mundial; calcúlase que uns mil millóns de individuos non nativos usan o inglés con fluidez como segunda lingua (un 40 por cento máis ca no ano 1950, Crystal 1997: 360); e estes individuos bilingües, de maneira consciente ou inconsciente, transfírense para a lingua propia contidos e formas da segunda lingua o cal se traduce nunha aproximación. Ora, como isto é un proceso lento, obra de moitas xeracións, e a roda da fortuna dá moitas voltas, xa entramos nun terreo que se desvía da previsión e se mete no da adiviñación.

Pero aínda así, e a curto prazo (cen ou douscentos anos), que o resultado sexa unha lingua soa como quería o ideólogo ó que combatía Piñeiro, ou varias dúcias de linguas como se está a ver na práctica, a perda non deixa de ser irreparable. Sobre iso hai hoxe moitos etnolingüistas que fan chamamentos de alarma. Entre nós hai moitos anos que se palpa este perigo e se argumenta contra ese tipo de progreso. Por precursoras (entre nós anteriores mesmo ás de Castelao en *Sempre en Galiza* tantas veces citadas) vou reproducir unhas palabras de Peña Novo en defensa da diversidade (de que subscribirían hoxe, setenta anos despois, os Directores do Fondo

6. A cifra de desaparicións a razón de unha lingua cada dúas semanas é periódica e se cadra un pouco esaxerada (dábaa a revista *Time* hai uns meses, 7-VII-97). Pero á vista do que pasa pódense facer cálculos moi fiables a unha distancia de tres ou catro xeracións e non son de ningunha maneira positivos por moi grande que sexa a marxe de erro. “No próximo século, segundo estimacións informadas, 3.000 das 6.000 linguas existentes desaparecerán e outras 2.400 aproximaránse á extinción. Isto deixa só 600 linguas na categoría de ‘seguras’, asumindo esta categoría sexa para linguas de máis de 100.000 falantes. Daquela, o 90 por cento das linguas do mundo están en perigo”. (Hale 1998: 192). (Sobre que o número de linguas sexa de 6.000 segundo Hale ou 6.528 segundo Grimes non vale a pena facer comentarios; a discrepancia vén da falta de acordo sobre as etiquetas ‘lingua’ e ‘dialecto’).

para as Linguas Ameazadas, entre eles Chomsky), e que redundan nos argumentos de Piñeiro desde puntos de vista parecidos; foron publicadas en *El Pueblo Gallego* (9-XI-29). O texto de Peña Novo está inspirado por un artigo dun escritor galego nun rotativo de Madrid (X. Camba?), que á volta dunha viaxe por Europa “hizo un gran descubrimiento. Cada pueblo hablaba su idioma, cada frontera no era un obstáculo geográfico, sino una barrera lingüística. Al final traía agujetas en el cerebro de esforzarse tanto para no ser comprendido nunca. Y protesta contra esta Babel. Otros pueblos mayores que toda Europa tienen un solo idioma. ¡Qué lástima de un idioma único para el mundo entero! El día que todos los hombres hablen un solo idioma, se amarán unos a otros y se acabarán las guerras. [...] Ese escritor gallego a quien molesta la variedad lingüística europea, hizo un viaje de varios meses, atraído precisamente por esa misma variedad [scil. de climas, ríos, montañas, razas, costumbres, ideas]. Si en Europa hubiera un solo idioma, y una sola ley, y una sola cultura, y se estandarizaran todas sus actividades, el escritor no precisaría moverse de Madrid. Porque todas las capitales europeas serían iguales, iguales sus costumbres, sus artes, su estética, sus ideas, sus mujeres, sus escritores, hasta sus cocinas, y el escritor viajero reventaría de empacho de uniformidad. Los idiomas son fuentes de cultura y de emoción; marcan el proceso evolutivo de la Humanidad a través de la Geografía y de la Historia. Protestar contra ellos es algo tan infantil y absurdo como protestar contra la atmósfera que nos impide volar como los pájaros. Y por ser la más elevada y perfecta expresión del esfuerzo de un pueblo y el más exquisito matiz de su espiritualidad es por lo que cada pueblo defiende su idioma, como cada escritor defiende su obra y cada madre defiende su hijo” (Roca Cendón 1982: 221). (Peña Novo, se vivise non sería medalla Castelao).

O meu balance persoal, daquela, sobre o asunto da lingua universal (ou linguas universais) é que as cousas empeoraron desde que Piñeiro escribiu o seu discurso e non porque se xeneralizase o prexuízo progresista (que non desapareceu) senón porque o peso cultural e demográfico dalgunhas linguas (axudado por políticas lingüísticas imperialistas) está esmagando de feito as linguas máis pequenas. Tamén é verdade, por outra parte, que hoxe son moitas máis as voces que se manifestan en defensa da diversidade; pero é unha forza aínda moi pequena, que non contrarresta a outra.

Dentro da argumentación de Piñeiro sobre esa lingua única, imposible ou indesexable, hai pola súa parte unhas apostilas máis. Unha delas é que a linguaxe (como facultade humana) ten como realización concreta as linguas, “sustanza viva da creación cultural [...]. Home, lingua e cultura son

tres cousas consustanciais. Ora, o home é un ser en permanente actividade creadora, en constante dinamismo evolutivo, e mesmo por eso capaz de progreso. E, naturalmente, a evolución, o cambio ou o progreso do home explican o cambio e o progreso da lingua e da cultura”. Sobre a lingua como creación cultural, polo tanto como proceso dinámico, maniféstase en moitos outros lugares neste e noutros escritos. Ora, esa palabra *creación* oculta un concepto moi enganoso se o aplicamos á lingua co mesmo valor que a unha obra literaria, a un refrán ou a unha cantiga popular. En todos estes, un autor coñecido ou un autor anónimo, con materia lingüística, producen un texto novo no que hai unha consciencia creadora. Algunhas destas creacións teñen a fortuna de seren estereotipadas e reproducidas automaticamente pola forza estilística que teñen. Polo contrario, os cambios lingüísticos (o seu suposto progreso) son involuntarios; de feito a lingua apréndese durante a infancia por imitación. Cando a imitación é imperfecta porque a) o neno non percibe ben a diferenza entre dous elementos estruturalmente diferentes e os considera simples variantes dun elemento único, ou b) cando considera estruturalmente distintos dous elementos que só eran variantes libres ou combinatorias dun único elemento, entón a lingua cambia (só metafóricamente é lícito dicir de se “crea” ou “progresa”) e na mesma medida cambia a nosa categorización do mundo. Son normalmente cambios tan pequenos, operados dunha maneira tan gradual, que non son perceptibles polo falante (doutra maneira corríxiríao pois non facelo sería unha transgresión do código); así é que o falante no curso da súa vida ten a impresión de que a lingua é completamente estática. Hai na lingua, certamente, cambios que son conscientes; pero non son “naturais”, é dicir, aprendidos por transmisión natural; hoxe moitos de nós falamos ou escribimos nun galego relativamente distanciado daquel en que aprendemos a falar; pero isto foi causado polas innovacións artificiais que a enxeñería lingüística (normas) introduciu na lingua. Esta é unha situación ata certo punto anómala, propia só de linguas que teñen gramáticas normativas.

Iso por unha parte. Por outra, a palabra “progreso” entendida na súa acepción normal, en materia de lingua, tamén é inaceptable porque implica que dos cambios sae mellorada, é dicir, se volve máis eficaz e máis bela; pero por aí chegaríamos a conclusións obrigadas e disparatadas de que hai linguas máis perfectas ca outras, que o galego é máis perfecto có latín, que as linguas pasan por períodos de progreso e retroceso e así por diante. O único feito lingüístico real é que, aínda que haxa que dicilo cunha tautoloxía, dos cambios as linguas saen cambiadas; e máis nada.

Outra cousa é se entendémo-lo “progreso” no sentido de ampliación de funcións e rexistros, a saber: que a lingua saia da oralidade e se habilite para escribir obras literarias, tratados sobre a esencia da verdade ou o boletín oficial do estado. Evidentemente para estas e outras funcións a lingua é sometida a unha elaboración que ás veces necesita un pouso de séculos, pero o progreso neste sentido non é “lingüístico” senón “sociolingüístico” ou “estilístico”, porque a lingua como sistema mantéñese basicamente inalterada; de feito, en linguas de tradición literaria longa e ininterrompida, a medida que vai cambiando a lingua oral tamén vai cambiando a lingua literaria.

Volvendo a Piñeiro: creo que na súa argumentación sobre o progreso está enfocando principalmente a lingua literaria, que é onde máis perceptible é a actividade creadora (aínda que sempre dentro duns límites moi pequenos). Da miña contraargumentación non debe, con todo, deducirse que, como os cambios lingüísticos son incontrolados, a orixinalidade lingüística desaparece ou se debe relativizar. Ó contrario, unha lingua non deixa de ser orixinal por moi automáticos (creativamente incontrolados) que sexan os cambios. Se cadra aínda debemos de considera-lo fenómeno coma máis asombroso xustamente por esta causa, ou sexa, que sendo os cambios automáticos se manifesten en cada lingua dunha maneira distinta e orixinal porque nunca está previsto en qué dirección se van realizar nin o alcance que van ter.

V. REMATE

Á vista do que acabo de dicir poden parecer impertinentes, porque redundan no “erro” de Piñeiro de considera-la lingua susceptible de progreso, as palabras de Pedro Salinas, coas que vou remata-lo meu discurso. É verdade que nunha etapa de equilibrio a mensaxe de Salinas e de Piñeiro sería inaceptable; en cambio nunha etapa de interrupción (*punctuation*) coma a actual é moito o que se pode facer individual e colectivamente pola lingua. No noso caso está moi claro que a conservación do galego vai depender non só dunha transmisión natural senón tamén, e moito, do esforzo consciente que fagamos durante toda a vida por aprendelo e depuralo e amplialo seu abano de funcións. Seríamos pouco perspicaces se entendeseamos estas palabras de Salinas que vou citar coma unha invitación a falar e escribir nun español elegante e libre de anglicismos. Isto sabía ben Salinas por adiantado que non era posible; el mesmo usaba un español enriquecido por unha boa porcentaxe de arabismos, italianismos, galicismos

e mesmo catalanismos e galeguismos; o inglés non tería porque ser excluído coma fonte. O que pasa é que o inglés para o español é unha lingua hegemónica e iso ten unhas implicacións sociolingüísticas moi graves, que van moito máis aló dun esporádico préstamo, especialmente onde inglés e español están en contacto; en Puerto Rico o que realmente se dirime é o futuro do español e non que sexa máis ou menos puro e flexible. Por iso se as palabras de Salinas son aplicables ó español, de modo moito máis dramático o son á nosa lingua. Que fosen escritas por un defensor da lingua que funciona como “interruptora” da nosa, apoiada por unha política lingüística que nalgúns épocas a excluíu e agora malamente a tolera, aínda lles engade máis vixencia para nós:

“Nos entendemos y sentimos en común, hoy, porque muchas generaciones de nuestros antepasados fueron entregándose una a otra a ese instrumento prodigioso de vivir, en la lenta sucesión de perfecciones, de modo que el idioma ha llegado hasta nosotros más apto que nunca para expresar lo humano. ¿Tiene derecho ninguna generación a descuidar o abandonar esta santa misión transmisora de su lengua, por flojedad o por inconsciencia? [...] Deber de todo grupo histórico, de toda generación, es la transmisión enriquecida de su herencia. Consume de lo heredado, de ello vive en gran parte, pero su deber es crear, a su vez, acrecer, enriquecer, de manera que a la hora de las cuentas finales el haber común sea más alto. Tan solo así la humanidad se siente realizada en plena dignidad de su cometido. Este lenguaje que hablamos, nuestro es por unos años, recibido lo tenemos de los hombres de ayer, en el estan, apreciables, todos los esfuerzos que ellos pusieron en mejorarlo. Pues bien, este es mi llamamiento: que cuando nosotros se lo pasemos a nuestros hijos, a las generaciones venideras, no sintamos la vergüenza de que nuestras almas entreguen a las suyas un lenguaje empobrecido, afeado o arruinado. Este es el honor lingüístico de una generación humana y a él apelo en estas mis últimas palabras” (Pedro Salinas, *Aprecio y defensa del lenguaje*, Río Piedras, Puerto Rico, 1944).

Santiago, 30 de xuño de 1998

VI. BIBLIOGRAFÍA

- Barbina, Guido (1995): *La geografia delle lingue. Lingua, etnie e nazioni nel mondo contemporaneo*. (Studi Superiori NIS, 165.) La Nuova Italia Scientifica, Roma.
- Blanke, Detlev (1997): “The Term ‘Planned Language’”. In: *Esperanto, Interlinguistics, and Planned Languages*. (Ed: Tonkin, Humphrey) University Press of America, Lanham - New York - Oxford, 1-20.
- Breton, Rolland (1976): *Géographie des langues*. (Que sais-je?, 1648.) Presses Universitaires de France, Paris.
- , (1981): *Les ethnies*. (Que sais-je?, 1924.) Presses Universitaires de France, Paris.
- Caamaño Suárez, Manuel; Rodríguez Pampín, Xosé Manuel (1980): *Pro e contra da litúrxia en galego. Historia dunha polémica*. SEPT, Pontevedra.
- Camartin, Iso (1985): *Rien que des mots? Plaidoyer pour les langues mineures*. Editions ZOE, Carouge - CH.
- Chabod, F. (1961): *L’idea di nazione*. Laterza, Bari.
- Consello da Cultura Galega (1993): *Informe da Comunicación en Galicia*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- Cooper, Robert L. (1989): *Language planing and social change*. Cambridge University Press, Cambridge - New York - Melbourne.
- Coulmas, Florian (1997): “Mother tongue - for better or worse?” In: *Language and its Ecology. Essays in Memory of Einar Haugen*. (Eds: Eliasson, Stig; Jahr, Ernst Håkon) (Series Ed: Winter, Werner. Trends in Linguistics.- Studies and monographs, 100.) Mouton de Gruyter, Berlin - New York, 403-415.
- Crystal, David (1997): *The Cambridge Encyclopedia of Language*. 2nd ed. Cambridge University Press, Cambridge - New York - Melbourne.
- Crystal, David (1977): *English as a Global Language*. Cambridge University Press, Cambridge - New York - Melbourne.
- Cunqueiro, Álvaro (1980): Discurso [de recepción como DH]. In: *Discursos leídos el día 28 de enero de 1980, en el solemne acto académico de investidura de los doctores “Honoris Causa” D. Camilo José Cela, D.*

- Álvaro Cunqueiro, *D Joseph M. Piel*. Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, s/p.
- Dixon, R. M. W (1997): *The Rise and Fall of Languages*. Cambridge University Press, Cambridge, UK.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía galega*. Xerais, Vigo.
- Figuerola, Antón (1988): *Diglosia e texto*. Xerais, Vigo.
- Fishman, Joshua A. (1989): *Language and Ethnicity in Minority Sociolinguistic Perspective*. (Series Ed: Sharp, Derrick. Multilingual Matters, 45.) Multilingual Matters Ltd., Clevedon, Philadelphia.
- , (1997): *In Praise of our Beloved Language. A Comparative View of Positive Ethnolinguistic Consciousness*. (Series Ed: Fishman, Joshua, A. Contributions to the Sociology of Language, 76.) Mouton de Gruyter, Berlin - New York. 351 pages.
- García y García, Antonio (Ed.) (1981): *Synodicum hispanum. I Galicia*. BAC, Madrid.
- Garvin, Paul L; Mathiot, Madeleine (1956): “The Urbanization of The Guarani Language - A Problem in Language and Culture” en *Men and Cultures*, Selected Papers of the Fifth International Congress of Anthropological and Ethnological Sciences, University of Pennsylvania Press, pp. 783-790.
- Gottschalk, Walter (1936): *Die Sprichwörter der Romanen*. Carl Winters Universitätsbuchhandlung, Heidelberg.
- Green, John N. (1993): “Representations of Romance: contact, bilingualism and diglossia”. En *Trends in Romance Linguistics and Philology. Volume 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance* (Eds.: Rebecca Posner e John Green), Mouton de Gruyter, Berlin - New York, 3-40.
- Grimes, B. F. (1996): *Ethnologue: Languages of the World*. 13th ed. Summer Institute of Linguistics, Dallas.
- Hale, Ken (1998): “On endangered languages and the importance of linguistic diversity”. En: *Endangered Languages*. (Eds: Grenoble, Leonore A.; Whaley, Linsay J.) Cambridge University Press, Cambridge, UK, 194-216.
- Haugen, Einar (1987): *Blessing of Babel. Bilingualism and Language Panning. Problems and Pleasures*. Mouton de Gruyter, Berlin - New York - Amsterdam.
- Héraud, Guy (1966): *Peuples et langues d'Europe*. Éditions Denoël, Paris.
- Klein, H. W. (1936): *Die volkstümlichen sprichwörtlichen Vergleiche im lateinischen und in den romanischen Sprachen*. Würzburg, Verlag Wissenschaftlicher Werke Konrad Triltsch.
- Lakoff, George (1986): *Women, Fire, and Dangerous Things. What Categories Reveal about Mind*. The University of Chicago Press, Chicago and London.
- Lakoff, George; Johnson, Mark (1980): *Metaphors we Live By*. The University of Chicago Press, Chicago and London.
- Lévi-Strauss, Claude (1968): *Arte, lenguaje, etnología. Entrevistas de Georges Charbonnier con Claude Lévi-Strauss*. (Traducción de Francisco González Aramburu) Siglo XXI Editores S. A., México D. F.
- Lieberman, Philip (1998): *Eve Spoke. Human Language and Human Evolution*. W. W. Norton, New York - London.
- López Muñoz, Daniel (1989): *O idioma da igrexa en Galicia*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- McConnell, Grant (1991): *A Macro-sociolinguistic Analysis of Language Vitality. Geolinguistic Profiles and Scenarios of Language Contact in India*. (Travaux du Centre international de recherche en aménagement linguistique. Études, 23.) Les Presses de l'Université de Laval, Sainte-Foy.
- Moure-Mariño, Luis (1998): “La lengua y la confusión de las lenguas”. *El Correo Gallego*, 26 de abril (Suplemento Dominical p. IV).
- MSG= Real Academia Galega, *Mapa Sociolingüístico de Galicia*.
- Ó Laoire, Muiris (1996): “An Historical Perspective on the Revival of Irish Outside the Gaeltacht, 1880-1930, with Reference to the Revitalization of Hebrew”. En: *Language and the State. Revitalization and Revival in Israel and Eire*. (Ed: Wright, Sue) Multilingual Matters Ltd., Clevedon - Philadelphia - Toronto - Adelaide - Johannesburg, 51-63.
- Palmer, Gary B. (1996): *Toward a Theory of Cultural Linguistics*. University of Texas Press, Austin.

Parlamento de Galicia (1988): *Lei* [3/1983, do 15 de xuño,] *de Normalización Lingüística*. Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela.

Pasolini, Pier Paolo (1979): [a] “Vagisce appena il nuovo italiano nazionale”, [b] “L’italiano è ancora in fasce”. En *La nuova questione della lingua*. (Ed.: Oronzo Parlangèli), Paideia Editrice, Brescia, [a] 166-170, [b] 190-194.

Piñeiro, Ramón (1967): *A lingoaxe e as línguas. Discurso lido o día 25 de novembro de 1967 na súa recepción pública [na RAG]*. Editorial Galaxia, Vigo.

———, (1974): *Olladas no futuro*. Editorial Galaxia, Vigo.

———, (1991) “Memorias: da miña acordanza”, *Grial III*, 341-351.

Posner, Rebecca (1996): *The Romance Languages*. Cambridge University Press, Cambridge.

Real Academia Galega (1994): [Mapa Sociolingüístico de Galicia I] *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. Real Academia Galega, Vigo.

———, (1995): [Mapa Sociolingüístico de Galicia II] *Usos lingüísticos en Galicia*. Real Academia Galega, Vigo.

———, (1996): [Mapa Sociolingüístico de Galicia III] *Actitudes lingüísticas en Galicia*. Real Academia Galega, Vigo.

Roca Cendán, Manuel (1982): *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*. Edicións do Castro, Sada, A Coruña.

Rohlf, G. (1984): *Von Rom zur Romania*. Gunter Narr Verlag, Tübingen [Nesta obra usa o refraneiro salientando as afinidades románicas en tres capítulos. Outras obras sobre a afinidade románica nos refráns son as de Klein e Gottschalk].

Sapir, E. (1931): “Conceptual Categories in Primitive Languages”, *Science* 74, 578. (en Dell Hymes (ed.): *Language in Culture and Society. A reader in Linguistics and Anthropology*. Harper and Row Pub., New York, 1964, 128)

Spolsky, Bernard (1996): “Conditions for Language Revitalization: A Comparison of the Cases of Hebrew and Maori”. En: *Language and the State. Revitalization and Revival in Israel and Eire*. (Ed: Wright,Sue)

Multilingual Matters Ltd., Clevedon - Philadelphia - Toronto - Adelaide - Johannesburg, 5-29.

Steiner, Georg (1992): *After Babel*. 2nd ed. Oxford University Press, Oxford - New York.

Tonkin, Humprey (1997): *Esperanto, Interlinguistics, and Planned Languages*. University Press of America, Lanham - New York - Oxford.

Whorf, Benjamin (1956): *Language, Thought and Reality: Selected Writings of Benjamin Lee Whorf* (ed. po. John B. Carroll). MIT Press, Cambridge, Mass.

RESPOSTA
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR
DON XESÚS ALONSO MONTERO

Ilustrísimo señor Presidente da Real Academia Galega; señoras e señores académicos; miñas donas e meus señores:

Hoxe, 24 de outubro de 1998, ingresa na Real Academia Galega o profesor Antón Santamarina Fernández, para moitos, cos que concordo, un sabio en Lingüística Galega; o máis sabio, nalgúns aspectos desta disciplina —engado eu— desde o Padre Sarmiento ós nosos días. Titúlase o discurso do novo académico *A linguaxe e as linguas*, título co que denominou o seu, o 25 de novembro de 1967, Ramón Piñeiro, que nos deixou hai oito anos¹. O propio Santamarina explica por qué titula deste xeito o seu discurso, e explícao xa no subtítulo da súa oración académica: “Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega”. Vostedes acaban de asistir á lectura deste discurso, que é, creo, un diálogo, respectuoso e rigoroso, co discurso de Ramón Piñeiro de hai 31 anos. Naquel 25 de novembro de 1967 foi Domingo García-Sabell quen, ó recibir ó novo académico, iniciaba a resposta preceptiva con este desafogo, xusto, que subscribo: “Hoxe é día de festa maior na Real Academia Galega”. Pois ben, gustaríame iniciar a *laudatio* do novo académico coas palabras con que Domingo García-Sabell saudou a Ramón Piñeiro no acto en que este ingresaba na nosa Corporación: “Hoxe, 24 de outubro de 1998, é día de Festa Maior na Real Academia Galega”.

Relín nestes días a xusta semblanza e a entusiasta gabanza que naquela ocasión fixo Domingo García-Sabell de Ramón Piñeiro e, ó reler esas páxinas, tiven saudades das musas que asistiron a García-Sabell. Se as tivese un pouquiño de man, seríame doado facerlles ver a vostedes por qué hoxe, co ingreso de Antón Santamarina, na Real Academia Galega, é día de Festa Maior, palabras estas —Festa Maior— que eu, sen hipérbole, escribo con maiúscula.

1. *A linguaxe e as línguas*, Real Academia Galega, 1967.

A Real Academia, na súa sesión do 3 de xullo, designoume a min para responder ó discurso preceptivo do profesor Santamarina, honra máxima que me gustaría merecer. Supoño que esta designación débese ó feito de que na miña bibliografía hai algunhas páxinas que non son alleas ós temas sociolingüísticos que Antón Santamarina, instado polo discurso de Piñeiro, aborda no seu. Quizais algún compañeiro de corporación tivo en conta, tamén, a miña condición de profesor do recipiendario. Quen, hai case catro décadas, foi profesor de Antón Santamarina, daquela un estudante serio e cobizoso de aprender, é, desde hai tempo, un admirado e agradecido discípulo do sabio lingüista que hoxe ingresa na Real Academia.

No curso 1960-1961 era alumno meu de Literatura Española, no Instituto de Lugo, un rapaz de San Martín de Suarna, aldea da tribo luguesa fonsagra-dense. Antón Santamarina, respectado por tódolos profesores daquel claustro, especialmente polos de disciplinas filolóxicas, suscitaba palabras de recoñecemento en Amable Veiga, o gran latinista lugués, e en Joan Baqué Jordi, excelente profesor catalán de Grego no noso Instituto. Só fun profesor de Antón Santamarina un curso, o 1960-1961, que foi o primeiro para min e o derradeiro para el naquel centro de ensino, o Preuniversitario.

En realidade, a materia que eu impartía nese nivel ós meus alumnos de Lugo era un curso monográfico sobre Góngora e a súa *Fábula de Polifemo y Galatea*, que así o dispuxera o Ministerio de Educación de Lora Tamayo para tódolos estudantes españois de Preuniversitario. A decisión, discutible sen dúbida, suscitou un libro de texto exemplar escrito por aquel mestre de gongoristas que se chamaba Dámaso Alonso². Tres días á semana, na clase de 9 a 10, oficiaba eu, guiado case sempre pola sabia man de don Dámaso, de explicador daquel poema inmortal, daquel milagre verbal que era a *Fábula* de don Luis de Góngora. Consta esta fábula mitolóxica de 63 oitavas reais, ou sexa, de 504 hendecasilabos que Antón Santamarina, antes de finaliza-lo curso, sabía de memoria. Creo que aínda recorda unha boa parte, e dalgunhas estrofas dou fe. Non hai moito tempo, en vez do saúdo habitual, dirixinme a el cos dous primeiros versos da estrofa 14:

*Purpúreas rosas sobre Galatea
la alba entre lilijs condidos deshoja.*

2. *Góngora y el "Polifemo". Texto, estudio, versión en prosa, comentarios y notas*, Madrid, Gre-dos, 1960.

Chegado aquí, vacilei unha miguña, momento que aproveitou o alum-no de hai 38 anos para responder ó meu saúdo cos seis versos restantes da estrofa 14:

*duda el Amor cuál más su color sea,
o púrpura nevada, o nieve roja,
etc.*

Como lingüista galego, o profesor Santamarina ten sentado cátedra en non poucas parcelas desta disciplina, nalgunhas das cales é pioneiro: as complexidades do verbo³, as formas de certas partículas, as peculiaridades do adverbio, a gheada, a fala de Negueira⁴..., traballos nos que conxuga, con erudición e pericia, saberes que proceden das ponlas máis distintas da Lingüística (Fonoloxía, Sintaxe, Dialectoloxía, Historia da Lingua...). Os que se debrucen sobre estas páxinas concluirán axiña que estamos ante un lingüista rigoroso, de amplo espectro e sagaz na interpretación dos fenó-menos, idea xusta pero que limita, non pouco, a personalidade filolóxica de Antón Santamarina. Porque o estudioso Antón Santamarina fai con fre-cuencia incursións en eidos menos áridos, un dos cales, a poesía popular da tradición oral (os cantos tradicionais), débelle unha aportación esencial e definitiva: esencial porque está feita en colaboración cunha extraordinaria musicóloga, a suíza de lingua alemana Dorothé Schubarth, e definitiva porque o material literario e musical foi recollido na fonte viva do labio popular nun momento histórico, estes últimos anos, previo a aquel en que os cantos tradicionais van ser, xa están sendo, arqueoloxía ou carnaval. É un tema que me preocupa porque eu fun educado nesa cultura literario-mu-sical hai sesenta anos, varias décadas antes, pois, da televisión cosmopoli-zante e das discotecas en inglés: cando aínda se aturuxaba ó saír dos fia-deiros, que eran verdadeiros obradoiros vivos de poesía e canción populares. A profesora Dorothé Schubarth, que recolleu *in situ* cantos de cen lugares de Galicia⁵ (e de centos de cantores, educados, boa parte de-les, na prodixiosa universidade literaria dos fiadeiros), atopou non erudito profesor universitario de Santiago de Compostela a filoloxía e a dialecto-

3. *El verbo gallego (Estudio basado en el habla del Valle de Suarna)*, Universidade de Santiago de Compostela, 1974. (No 1973 leu a súa tese de doutoramento sobre a fala desta terra, que é a natal súa).

4. Na revista *Verba*, que tanto lle debe, publicou estes e outros traballos.

5. O *Cancioneiro* destes dous estudiosos foi publicado, en cinco volumes, pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, da Coruña (1984-1988).

loxía, e naquel rapaz de San Martín de Suarna, da tribo luguesa fonsagra-dense, a sensibilidade e a emoción ante o feito da poesía popular. Xa aquí, debo aclarar que ningún dos importantes estudiosos anteriores asediaron estes cantos populares desde as dúas perspectivas que estes textos esixen. Murguía, Pérez Ballesteros e Saco y Arce, entre outros, non contaron coa colaboración musicolóxica, e Casto Sampedro, Eduardo M. Torner e Jesús Bal y Gay carecían da visión e da formación filolóxica con que contou a profesora Schubarth, profesora esta —cómpre dicilo— que aínda non recibiu, pola súa inxente e intelixente obra galega, ese galardón, cada vez máis pequeno, que é a Medalla Castelao.

Antón Santamarina é un lingüista que ama a palabra de arte, amor sen o cal ninguén memoriza, frutivamente, 504 versos barrocos da mellor cepa gongorina (velaquí por qué contei, hai un anaquiño, a experiencia gongorina de 1960). Aqueles que non son moi próximos a Antón Santamarina, os que só o coñecen pola súa bibliografía e coñecen pouco da súa biografía, non saben que é un lector voraz e irremediable, non só de literatura galega senón doutras literaturas, desde a inglesa e a italiana á catalana, literatura esta na que é un experto e que lle brinda voces coas que a coitío se instrúe e se deleita (poetas como Josep Carner, Carles Riba ou Salvador Espriu e o ensaísta Joan Fuster). Non é, pois, Antón Santamarina un lingüista pechado nas manifestacións non artísticas da lingua, condición xa demostrada no interese polo cancionero popular, que é, en verso, a palabra de arte esculpida por eses canteiros literarios do idioma chamados fístores.

Cando alguén escriba a biografía filolóxica do novo académico vai quedar moi claro que a súa bibliografía, de 1971 a hoxe, constitúe un capítulo fundamental na historia da Lingüística galega. De 1971 data o seu primeiro traballo de entidade, *Galego 1*, manual feito en colaboración cos profesores Ramón Lorenzo, Xosé Luís Couceiro e Guillermo Rojo, que son os mesmos que colaboran no *Galego 2*, de 1972, e no *Galego 3*, de 1974. Sen faltar ó respecto a ningún dos ilustres colaboradores desta trilogía, tan oportuna e eficaz, daquela, para o ensino do galego, como demostran os miles de exemplares vendidos, teño a evidencia de que a man de Antón Santamarina está moi presente na elaboración e na redacción destes beneméritos manuais. Falo da man, pero eu vexo, coa mesma claridade, o espírito e o compromiso de Antón Santamarina. Porque Antón xa era, daquela, un lingüista da patria, un patriota galego disposto a contribuír, coas ferramentas da Filoloxía, á definición, dignificación e proxección da súa patria, esa patria que para un lingüista coma el quizais é dobre: a patria

como territorio histórico-cultural (con dereito a forxar un futuro peculiar) e a patria da lingua, ou, como dixo Fernando Pessoa, a lingua, que é a verdadeira patria. Dito doutro xeito, o novo académico hai tempo que milita, moralmente, no nacionalismo galego, militancia que explica o que hai, na súa profesión de lingüista, de lingüista galego, de teimosía, de abnegación e de paixón íntima. Debo aclarar que nas páxinas deste investigador e estudioso, se alguén advirte debate entre Nacionalismo e Filoloxía e nese debate o filólogo prevalece sobre o nacionalista, isto, que é bo para a Filoloxía, é bo, tamén —é o mellor—, para o Nacionalismo.

Quen, no futuro, trace o curriculum profesional de Antón Santamarina ha de ter moi en conta o tempo —e o saber— dedicado a congresos, xornadas, cursos, debates..., xuntanzas todas sempre *ad maiorem linguae gallicorum gloriam*. Os achegados a el sabemos ben cantas horas e canto saber ten entregado ós demais. Pero ese biógrafo, alén disto, ten que rexistrar, con precisión, as horas e horas —miles xa— que Antón Santamarina dedica a todos aqueles —xa centos— que acoden ó profesor, ou ó investigador, ou ó lector, en demanda dun dato, dun libro, dun comentario, dun asesoramento, dunha axuda erudita... Entre eses centos, non escasean os profesores doutores, algúns máis vellos, eu entre eles. Neste mester, no que lle rouba horas e horas ás súas investigacións persoais, Antón Santamarina funciona coa naturalidade con que o fixo, tamén con el, Ramón Piñeiro. Un sae hoxe do despacho de Antón Santamarina coa sensación de que foi atendido por un funcionario ó que lle pagan por informarnos e por ser amable; onte acontecía o mesmo con Ramón Piñeiro.

Pero o *libro maior*, o *opus magnum* de Antón Santamarina aínda está sen publicar. Refírome ó Thesaurus da lingua galega, dicionario do galego moderno iniciado hai varios anos. Sobre un espolio de máis de 850 obras, elaborouse unha base de datos lexicográfica de dez millóns de palabras. Esta obra máxima da Lingüística galega estase a compoñer, baixo a dirección precisa do profesor Antón Santamarina, nos obradoiros lexicográficos do Instituto da Lingua Galega, institución que o novo académico dirixe desde 1991 e á que ten servido, en distintos niveis e funcións, desde a súa fundación en 1971.

Cando nesta Real Academia se menciona o Instituto da Lingua Galega hai que facelo sempre, pola nosa parte, con gratitude para ese Instituto Universitario, Instituto que ten colaborado coa nosa institución en tarefas importantes, especialmente na elaboración e redacción das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, oficiais no país desde 1982. Pois ben, aínda que esta normativa, a única oficial nestas materias, apare-

ce baixo a autoridade moral da Real Academia Galega (e así o esixe a Lei de Normalización Lingüística), a construción e explicitación intelectuais desas *Normas* é da autoría dun elenco ilustre de investigadores —e unha investigadora— do Instituto da Lingua Galega. Unha vez máis está aquí a man —a man, o espírito e o compromiso— de Antón Santamarina.

Desde a súa fundación traballa neste Instituto, de gloriosa biografía, o profesor Santamarina, quen, como é sabido, foi alumno de Lingüística Románica do seu fundador e primeiro director, don Constantino García González, primeiro catedrático desa disciplina na Universidade galega. Foi el quen en circunstancias pouco favorables creou un Instituto que, en principio, non tiña por qué ser grato ó franquismo e menos a un rector tan fascista como don Manuel Garrido. Don Constantino García, sen embargo, tiña ante o Poder tres características, naquela concreta circunstancia política, positivas: a asepia da Lingüística, non estar fichado pola brigada político-social e ser asturiano, por tanto dificilmente susceptible de converterse nun “separatista” ou nun compañeiro de viaxe. Pero, inventada a criatura —que só gratitude inmensa suscita en nós—, tanto no Instituto como noutras instancias orientadas por don Constantino García, parte do protagonismo vai ser obra dos seus alumnos, que, xa iniciados na Lingüística, van poñer nela a paixón galeguista. Destacaríase, entre eses alumnos, a Rosario Álvarez Blanco, a Francisco Fernández Rei e a Manuel González González —os realizadores do *Atlas lingüístico galego*— e, dun xeito especial, ó menos novo deles, a Antón Santamarina, xa adoutrinado noutras asignaturas —persuasivamente— por Ramón Piñeiro. Así pois, as empresas científicas de don Constantino, non insensibles ós tempos (o final do franquismo), vanse convertendo pouco a pouco, engordíño, mercé ás inxerencias políticas dos seus alumnos, en empresas que, sen renunciaren á Ciencia, vencéllanse á Galicia non oficial e ó espírito do galeguismo. Neste acontecer quizais foi decisivo o talante e o labor de Antón Santamarina, discípulo de Ramón Piñeiro tamén nesa condición de non ser rechamante nin de gustar de xestos protagónicos, por merecidos que fosen.

* * *

O 25 de novembro de 1967 ingresou nesta Corporación, como académico de número, don Ramón Piñeiro López, quen leu o discurso titulado *A linguaxe e as línguas*, discurso ó que lle contestou, en nome da Academia, don Domingo García-Sabell. Foi a súa resposta un canto en trece páxinas á figura moral e ó labor intelectual de Ramón Piñeiro: un canto xusto.

Hoxe, 31 anos despois, Antón Santamarina, en ocasión análoga, ofrécenos un discurso co mesmo título, *A linguaxe e as linguas*, coincidencia consciente, buscada, porque o novo académico entende que chegou a hora de dialogar coas palabras proferidas por Piñeiro en 1967. Repárese, por outra parte, no subtítulo do presente traballo: “Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega”. Estou seguro de que antes de 30 anos (tres décadas son infinitos acontecementos nos tempos de hoxe) alguén, nesta mesma tribuna, revisitará a Antón Santamarina, que será unha maneira de face-lo diagnóstico do estado da lingua galega a partir de dous ilustres e sagaces diagnosticadores previos. Porque no fondo, do que se trata, é de saber, verbo do noso idioma, cales eran en 1967 e cales son en 1998 as positividade e as negatividades e tamén as expectativas.

Non é a primeira vez que Antón Santamarina fala do ideario lingüístico de Ramón Piñeiro. Xa en 1991 lle dedicou un denso ensaio de seis páxinas titulado “Piñeiro e a lingüística”⁶, que, na miña opinión, prelude o discurso de hoxe. Prelúdao tan claramente que, penso, é un esbozo da alocución que vimos de oír. Suscribo plenamente as palabras coas que abre o seu ensaio de hai sete anos: “Quizais non hai ningún aspecto da cultura galega como o da lingua ó que Piñeiro dedicase máis atención dentro da súa actividade intelectual. Máis, ó meu entender, cá saudade”. Tamén suscribo de cheo as palabras con que Santamarina pecha as súas páxinas de 1991: “... nunca ninguén en toda a historia de Galicia fixo tanto coma el pola recuperación do idioma”. Ademais de suscribir plenamente estas palabras, eu iría máis alá: sen Ramón Piñeiro non se producirían, quizais, no ermo lingüístico de 1950, o que, con el, se converteu nunha restauración cultural e, ó seu modo, política de signo galeguista. O discurso que se nos acaba de ofrecer é unha meditación sociolingüística sobre o presente —e o futuro— do noso idioma feita por quen é un serio profesional da Lingüística, un extraordinario especialista da nosa lingua e por un home fondamente comprometido cunha concepción galega “en galego” da nosa sociedade. De novo, Antón Santamarina ten que conxugar nacionalismo e Filoloxía nun traballo onde se examina unha realidade, a sociolingüística do noso país, que presenta aspectos que o desacougan como cidadán galego pero que o profesional non omite nin terxiversa; mesmo, cando o idioma conseguiu, nos últimos tempos, algúns logros non desdeñables, o lin-

6. *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1991, pp. 143-48.

güista que Santamarina leva dentro díctalle ó cidadán comprometido, na hora das expectativas, certa prudencia.

O discurso de hoxe, como dixer, é, no esencial, unha meditación sociolingüística, pero contén elementos, próximos, doutra índole, entre outros, importantes observacións de glotopolítica. O discurso de onte, o de Ramón Piñeiro, tamén, nos enfoques, respondía, máis ou menos, a esta caracterización. Os que lean as dúas alocucións concluirán, penso, que, nalgunhas páxinas, Piñeiro é algo máis optimista ca Santamarina, o que esixiría, pola miña parte, unha demorada explicación, que, á forza, sintetizarei ó máximo. Os que trataron a Ramón Piñeiro —privilexio que eu comparto con eles— estarán de acordo comigo en que era un *homo politicus* substancialmente optimista, optimismo sen o cal non contraería, en 1950, os compromisos civís nos que empeñou a súa existencia total no duro medio metro cadrado que lle consentían as circunstancias. Como tódolos optimistas —cavilo eu— cría Piñeiro que a semente, por pequena que fose, produciría, no futuro (1998, por exemplo), froitos espléndidos. Antón Santamarina, lector atento dese futuro —o noso presente—, faille ver que certos froitos (a presenza do galego na escola e nalgúns medios de comunicación) son, quizais, superiores ó soñado por Piñeiro, pero, no actual organigrama da sociedade, insuficientes para avanzar en serio.

Nalgún momento desta miña contestación afirmei que o discurso de Antón Santamarina é un diálogo con Ramón Piñeiro, co Piñeiro autor do discurso de 1967. Xa aquí, debo matizar que se trata dun diálogo no que, ás veces, abrolla a controversia, a polémica, o que non é novo na historia dos diálogos, lonxe, tantas veces, de seren balsas de aceite. Aínda neses momentos, os da controversia, este discípulo non acrítico fala sempre desde o respecto e desde a admiración.

Neste diálogo-controversia con Ramón Piñeiro, Santamarina non só ten en conta o discurso de 1967 —o texto fundamental do debate— senón tamén os artigos de tema sociolingüístico —que son cinco— recolleitos polo propio Piñeiro na colectánea que titulou *Olladas no futuro* (1974)⁷. Atención especial dedícalle Santamarina a un texto de oito páxinas que Piñeiro deixou inédito. Titulado “Da miña acordanza”, publicouse, un ano despois da súa morte, na revista *Grial*⁸. Desas oito páxinas, aquelas observacións nas que Piñeiro fala do conflito bi-lingüístico, tal como o seu primeiro mestre llo presentou na escola, constitúen unha páxina maxistral para peda-

7. Vigo, Galaxia, 1974.

8. N.º. 111, 1991, pp. 341-51.

gogos e sociolingüistas⁹. ¡Lástima que Ramón Piñeiro non deixase outros capítulos das súas Memorias, especialmente os relativos á Guerra Civil, esa experiencia que ningún dos homes de Galaxia, salvo Carballo Calero¹⁰, nos ten contado. Por se fose pouco, Antón Santamarina beneficiouse das conversas de Ramón Piñeiro, conversas que, dun modo ou doutro, están presentes no seu discurso de hoxe. Como, para moitos de nós, Piñeiro foi, para Santamarina, un “texto vivo”. Ante esas dúas alocucións, o lector menos atento concluirá, de contado, que son dúas páxinas esenciais na historia do discurso metasociolingüístico galego.

No discurso de hoxe, Antón Santamarina, despois de xustifica-la elección do tema e de facer un resumo, non moi sintético, do discurso de 1967, entra de cheo na cuestión, mesmo para cuestionar, cando é preciso. Titula este momento “Trinta anos despois”, capítulo no que nos presenta a Piñeiro como un humboldtiano convencido, excesivo, en opinión de Santamarina, co que estou de acordo eu, que, de novo, admirei a Humboldt, sobre todo despois da lectura da tese doutoral de José María Valverde *Guillermo de Humboldt y la filosofía del lenguaje* (1955)¹¹, libro ó que Piñeiro non debeu ser alleo. Eu, que renego un pouco da miña mocidade humboldtiana, concordo con Antón Santamarina cando, na réplica a Piñeiro, afirma que “cómpre mirar con precaución, aínda que pareza seductora, a teoría de que cada lingua é unha maneira especial de conceptua-lo mundo”. Se non me equivoco moito, Humboldt, lonxe de unir a Piñeiro e a Santamarina, sepáraos bastante.

No discurso de Piñeiro hai unhas páxinas especialmente brillantes, as referidas, verbo do noso idioma, ó “prexuízo sociolóxico”, tan brillantes que suscitan, en Santamarina, esta confesión: “Teño que recoñecer que, cando oín por primeira vez estas palabras, conmovéronme e apuntáronme de seguida, na medida das miñas forzas e do meu talento, a esa misión de reararme moral do pobo”. Dito o cal, o propio Santamarina recoñece que non abonda con que desapareza o “complexo”, a “tara psicolóxica” para que o galego se recupere automaticamente. Desde que Piñeiro escribiu o seu discurso a hoxe —apostila o académico de 1998— “a poboación de galego-falantes descendeu de maneira dramática...”

9. *Op. cit.*, pp. 346-48.

10. Se ben nun libro de ficción, a novela *Scórpido*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1987.

11. Madrid, Gredos, 1955 (no volume o autor ofrécenos, ás veces en versión reducida, a tradución do libro de Humboldt que titula *Sobre la diversidad de estructura del lenguaje humano y su influencia en la evolución espiritual de la Humanidad*, pp. 91-155. Foi moi útil para os humboldtianos de moi deficiente alemán, que era o meu caso e, en menor medida, o de Piñeiro).

No discurso de hoxe son moi interesantes as páxinas dedicadas á presenza do galego na escola (no universo educativo), presenza que no futuro —pensaba Piñeiro— sería decisiva para a lingua galega. Aquí tamén é crítico Santamarina, non sen razón.

No discurso de 1967 hai unha páxina —só unha páxina— sobre a cuestión Igrexa (Católica)-lingua galega, páxina na que Piñeiro, sempre tan prudente, denuncia, con certa dureza, á institución eclesiástica cuia xerarquía, ó ter que pronunciarse sobre “as normas acordadas polo Concilio Vaticano II de realizar a liturxia nas línguas vernáculos, as xerarquías da eirexa galega decidiron que a língoa ‘vernáculo’ de Galicia era o castelán”. É unha páxina onde Piñeiro, despois de sinalar que a Igrexa non debe estar obrigada, como a escola, institución estatal, a seguir criterios políticos, conclúe: “Con todo, seguínos”. Denunciado o cal, Piñeiro, entre cortés e optimista, declara: “A contradición pastoral da eirexa é, sin lugar a dúbidas, transitoria. O pulo anovador e vivificador do Concilio non fixo máis que escomenzar. Da man dise pulo —continúa Piñeiro— a língoa galega será língoa litúrxica como tódalas demais”. Santamarina, na súa réplica, califica a Piñeiro de “benévolo” e fai, logo, valiosas consideracións que cómpre ter moi en conta. Sobre a Igrexa Católica (española), que é, aquí, a emprazada, habería que ir moito máis alá. Para min é unha institución, na súa xerarquía, belixerante, quero dicir, que aínda está na Guerra Civil; por conseguinte, non só non borrou das fachadas dos seus templos o nome de “José Antonio Primo de Rivera y caídos por Dios y por España” senón que non fixo a autocrítica pública por consentir nas moedas españolas durante case corenta anos aquela inscrición blasfema segundo a cal foi “Caudillo de España por la gracia de Dios” aquel xeneral sombrío chamado Francisco Franco. Esta é a institución, precisamente esta, que, como tal, aínda non reflexionou en serio sobre a lingua da maior parte dos fregueses galegos.

Antón Santamarina, que o sabe todo sempre, neste capítulo tivo un pequeno lapsus: omite que na Igrexa Galega, antes de 1930, alguén con moita *auctoritas* moveu ó escritor católico Manuel Cabada Vázquez para que traducise ó galego un catecismo moi presente e influente na vida eclesiástica e popular de Galicia: o *Catecismo* do Padre Astete. Esa personalidade foi, nin máis nin menos, don Ángel Amor Ruibal. Quizais foi a morte, inesperada, do noso gran sabio o que desanimou a Cabada Vázquez, quen, polo que sabemos, só traduciu unhas cantas páxinas do Astete, que eu publiquei, en 1989, nun estudio sobre o traductor¹².

12. “Xosé Manuel Cabada Vázquez: o home e o poeta”, prólogo á edición facsímil de *Vagalumes* (1931), Edicións do Castro, 1989, pp. 58-59.

No discurso de hoxe, o profesor Santamarina pronúnciase, en sesenta páxinas, sobre o discurso de Piñeiro, que constaba de vintedúas, e aínda así, de vez en cando, o novo académico fai incursións en eidos da sociolingüística que só esboza ou inicia, como el mesmo reconece. Fago esta aclaración para que quede claro que na miña resposta, forzosamente breve, como manda a lei ou a tradición, só podo tratar, moi laconicamente, algúns dos temas e dos problemas tratados ou suscitados polo profesor Santamarina. Temas hai, como o do bilingüismo harmónico, non sospeitado, nesta formulación, por Piñeiro, que Santamarina, moi crítico coa glotopolítica da Xunta de Galicia, só se limita a esbozar. O mesmo fai, creo, co tema da “inmersión lingüística”, unha páxina non exenta de valentía nas súas propostas, que cómpre meditar. É esa páxina onde Santamarina trae a colación o caso do hebreo, que, en moi poucos anos, experimentou avances espectaculares. Pero o caso do hebreo, engaiolante certamente, hai que entendela nas coordenadas da mentalidade xudía e dos seus proxectos colectivos naqueles anos, coordenadas que difiren, considerablemente, das existentes hoxe nos espazos onde libran a súa batalla o gaélico e o galego, por citar dous idiomas minorizados aducidos polo novo académico.

Porque esta é a cuestión, as coordenadas dunha sociedade e o esquema e o modelo social e cultural no que se libra a batalla idiomática. Pero a explicitación pormenorizada e rigorosa destes problemas, para facer unha lectura precisa do conflito e do futuro lingüístico, é tema para moitas horas que terían que protagonizar sabios en distintos saberes. Un destes sabios, o profesor Antón Santamarina, acaba de contribuír cunha aportación que vai ser, durante moito tempo, peza indispensable e aleccionadora para os estudiosos destas cuestións.

Empecei as miñas palabras dicindo que o día de hoxe, 24 de outubro de 1998, era un día de Festa Maior para a Real Academia Galega. Se, entre as institucións culturais galegas, hai algunha que mereza denominarse Casa da Palabra, ningunha con máis dereitos que a Real Academia Galega. Ingresada hoxe, na Casa da Palabra —unha Casa que debería ser, tamén, templo das palabras— o profesor Antón Santamarina Fernández, un dos homes que máis horas de ciencia e de devoción lle ten dedicado ás palabras galegas.

¡Benvido á Casa da Palabra, á súa Casa!

Este libro,
A linguaxe e as linguas,
rematouse de imprimir
o 24 de outubro de 1998

ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ.....	7
I. XESÚS TABOADA CHIVITE.....	11
II. XUSTIFICACIÓN DO TEMA.....	13
III. RESUMO DO DISCURSO DE PIÑEIRO.....	14
IV. TRINTA ANOS DESPOIS:	18
1. <i>A lingüística, a lingua e a cultura</i>	18
2. <i>O prexuízo sociolóxico</i>	32
3. <i>O prexuízo lingüístico</i>	37
3.1. O dialectalismo	37
3.2. A anarquía ortográfica.....	41
3.3. O desprestixio do idioma	43
3. 4. Prestixio e valor funcional	47
Os MEDIOS	48
A ESCOLA	50
A IGREXA	59
4. <i>O prexuízo ideolóxico</i>	62
V. REMATE.....	69
VI. BIBLIOGRAFÍA	71
RESPOSTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON XESÚS ALONSO MONTERO	77